

Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

EXPEDIENTE	2024/ORDRG/000001
ASUNTO	Ordenanza de xestión dos residuos de competencia municipal do Concello de Pontevedra
TRÁMITE	Anuncio aprobación definitiva

Polo Pleno deste Concello, na súa sesión do 23.12.2024, adoptouse o acordo de resolver as alegacións formuladas no proceso de información pública da Ordenanza de xestión dos residuos de competencia municipal do Concello de Pontevedra, de conformidade co “informe técnico emitido polo xefe do servizo da Oficina Técnica de Mantemento, Residuos e Limpeza e Transporte” de data 12.12.2024 que consta no expediente e ás restantes motivacións que se detallan no fundamento xurídico IX do informe-proposta que serve de base ao acordo.

Ao tempo aprobouse definitivamente a referida ordenanza, segundo o texto do documento asinado polo Director Xeral de urbanismo e servizos xerais, D. Xosé Manuel Tato Camino, con data do 11.09.2024, que se incorpora no presente anuncio.

Procédese, polo tanto, de conformidade co acordado e segundo o art. 70 da Lei 7/1985, á publicación do texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada, sen que entre en vigor ata que teña lugar dita publicación e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da referida Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, segundo o art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4), e de acordo así mesmo co aprobado, procederase á publicación do seu texto na sede electrónica.

Contra este acordo de aprobación definitiva poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (arts 10, 14 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Pontevedra, o secretario da administración municipal, en substitución do secretario xeral do Pleno, sinatura dixital.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: S098SB3TJ01H9FQ7



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

*TEXTO DA ORDENANZA APROBADA DEFINITIVAMENTE**ORDENANZA DE XESTIÓN DOS RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DO PONTEVEDRA**PREÁMBULO**I*

A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (de aquí en diante Lei estatal de residuos), ten como obxectivo impulsar unha economía sostible, que preserve os recursos, e baixa en carbono. Dita lei incorpora ó Dereito español a Directiva (UE) 2018/851, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos. Asemade, tamén incorpora a Directiva (UE) 2019/904, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente.

A Lei estatal de residuos define os residuos domésticos como os xerados nos fogares por mor das actividades domésticas, así como os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias que non se orixinen como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria, tralo que engade que se inclúen tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, móbeis e aveños así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. A lei tamén considera residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

Por outra banda, a citada lei define os residuos comerciais como os xerados pola actividade propia do comercio, polo xunto ou polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

O referido texto legal establece que as entidades locais son as administracións competentes para prestar, como servizo público obrigatorio, a colleita, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas e indica que a prestación deste servizo corresponde ós municipios.

Por outro lado, a Lei estatal de residuos permite aos concellos facerse cargo da xestión dos residuos comerciais non perigosos, opción que esta ordenanza regula, ao asumir dita xestión municipal como opción por defecto, por ser máis eficiente ao acumular economías de escala na recollida e xestión dos residuos polo miúdo e, aplicábel agás naqueles casos nos que os produtores ou posuidores podan demostrar a súa mellor xestión por canles alternativos á xestión municipal.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

II

A xestión dos residuos municipais presenta unha gran complexidade e constitúe un reto considerable debido, entre outras razóns, á súa composición heteroxénea, á proximidade destes respecto ós cidadáns, a unha marcada visibilidade pública e ao elevado impacto no medio ambiente e na saúde humana. En consecuencia, a correcta xestión de ditos residuos require dun sistema público integral e adaptado á realidade demográfica do municipio que comprenda unha adecuada separación na orixe, un réxime eficiente de colleita e transporte así coma uns tratamentos que garantan o mellor resultado ambiental global, así como un rexistro detallado de todas estas operacións mediante unha trazabilidade axeitada e demostrable. Pero non é suficiente con isto, pois tamén se precisa do compromiso activo dos cidadáns, empresas e demais persoas xeradoras de residuos como axentes co-responsables na xestión dos residuos que eles mesmos producen.

Alén, a concienciación da persoa produtora de residuos é fundamental para evitar todo tipo de verteduras, queimas incontroladas e demais actuacións de eliminación contrarias á normativa vixente e que teñan un grande impacto sobre o medio ambiente, o benestar dos cidadáns e a economía.

III

A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, as directivas que esta traspón, así como a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (de aquí en diante Lei galega de residuos) constitúen o marco normativo básico no que se ten que desenvolver a xestión dos residuos e, especificamente, a xestión dos residuos municipais e, polo tanto, esta ordenanza. Así mesmo, este marco fixa os principios que deben rexer a política de residuos, entre os cales cómpre destacar o da xerarquía de residuos, que busca conseguir o mellor resultado medioambiental global no ámbito da produción e a xestión dos residuos, e segundo o cal a prevención debe primar por riba de calquera tipo de tratamento, sexa valoración ou eliminación; tamén o principio de “quen contamina paga”, en base ao cal os custos relativos á xestión dos residuos deben ser asumidos pola persoa produtora inicial, pola persoa posuidora actual ou pola anterior posuidora, así como o principio de autosuficiencia e proximidade, que determina a eliminación ou a valorización dos residuos en instalacións adecuadas, próximas ó lugar de xeración.

A Lei estatal de residuos aumenta as esixencias ambientais relativas á produción e xestión de residuos con respecto á anterior Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Así, a nova Lei fortalece a prevención de residuos incluíndo medidas para contribuír á redución do desperdicio alimentario e incrementa os obxectivos a medio e longo prazo de preparación para a reutilización e reciclado dos residuos municipais e establece a obrigatoriedade de novas recollidas separadas, entre outros, para os biorresiduos, os residuos téxtiles e os residuos domésticos perigosos. Todo isto para avanzar cara unha economía cada vez máis circular, na que os residuos deben ser considerados coma recursos que non debemos desaproveitar, procurando a súa re-introdución no aparello produtivo en substitución de materias primas virxes.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

A mellora na xestión global dos residuos pode comportar uns aforros netos substanciais para as empresas, as entidades públicas e os cidadáns, reducindo ó mesmo tempo as emisións de gases de efecto invernadoiro e demais afeccións ao medio ambiente.

IV

Na presente ordenanza defínense e concrétanse:

- 1º. Os obxectivos relativos á produción e á xestión de residuos municipais.
- 2º. A responsabilidade e co-responsabilidade, que tamén poderíamos denominar participación activa, de todos e cada unha das persoas produtoras de residuos municipais en relación ó sistema de xestión de residuos municipais
- 3º. As condicións que deben reunir os produtores de residuos municipais para ser catalogados como produtores singulares.
- 4º O réxime aplicábel ás persoas produtores singulares.
- 5º. O réxime de estímulos como instrumento de axuda á consecución dos obxectivos fixados.
- 6º As fraccións obxecto de separación na orixe e/ou recollida separada, así como aquelas que excepcionalmente se poden xestionar conxuntamente.
- 7º. A implicación de todos os axentes involucrados, na xestión dos residuos municipais e na consecución dos obxectivos marcados.
- 8º. As definicións relativas á produción e á xestión de residuos municipais adaptadas á normativa en vigor.
- 9º. As obrigas municipais de vixilancia, inspección e control da produción e xestión de residuos municipais.
- 10º. Unha nova tipificación das infraccións e sancións adaptada a nova realidade normativa.

V

En relación a outro dos aspectos máis novidosos desta ordenanza, a compostaxe local, amais da normativa estatal e autonómica de residuos, tomouse como referencia comparada a Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do REVITALIZA da Deputación de Pontevedra (BOPPO 30 xaneiro 2019). Deste xeito, dentro do concepto de compostaxe local inclúense os conceptos de compostaxe doméstica (individual ou de achega restrinxida) e compostaxe comunitaria (ou de achega aberta), ámbolos definidos con claridade na lei galega de residuos e, no tocante á súa implantación no termo municipal, obsérvanse as seguintes consideracións:

A compostaxe local fomenta a economía circular.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

A compostaxe local resulta válida e aplicábel tanto para zonas rurais como urbanas, aínda que dun xeito diferente en ambos casos.

A promoción da compostaxe local pode prever, entre outras medidas, beneficios fiscais no suposto de prácticas de compostaxe doméstica ou comunitaria.

A compostaxe local deber estar suxeita a un réxime de control administrativo ad hoc.

En base a ditos principios estímúlase un réxime de aplicación para estas modalidades de compostaxe que se presume como prioritario para a xestión en proximidade da fracción de biorresiduos, xa logo complementado naquelas situacións onde dito réxime non poda aplicarse coa recollida separada de dita fracción en contedor.

VI

Débense incorporar por novidosos de forma expresa os obxectivos perseguidos no artigo 40 da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, para que os edificios públicos nos que se xeren residuos municipais, adopten as medidas necesarias para facilitar a colleita separadas dos residuos domésticos e comerciais asimilables, así como fomentar a instalación e utilización de fontes de auga potable de uso público e de envases reutilizables.

VII

Esta ordenanza contén 77 artigos divididos en catro títulos.

O Título I “Disposicións e Principios Xerais”, aborda as disposicións e principios xerais e estruturase en tres capítulos.

No capítulo I, relativo ás disposicións xerais, regúlanse o obxecto, as finalidades e o ámbito de aplicación e establécense as definicións de conceptos relevantes empregados na ordenanza, así como o marco normativo existente ao que ten que suxeitarse esta.

O capítulo II aborda os obxectivos cuantitativos a acadar en materia de produción e xestión de residuos, a clasificación dos residuos, a especificación dos residuos excluídos da xestión municipal, a división en fraccións dos residuos municipais e a obrigatoriedade e universalidade do servizo de xestión de residuos municipais.

No capítulo III regúlanse as responsabilidades, os dereitos e os deberes das persoas produtoras de residuos municipais o réxime de propiedade e responsabilidade aplicable a tales residuos, a xestión subsidiaria municipal, a previsión de taxas ou prestacións públicas patrimoniais non tributarias para sufragar o servizo de xestión municipal e os deberes de prestación de dito servizo municipal.

O Título II, “Xestión dos residuos”, é o máis extenso dos tres títulos e está dividido en oito capítulos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

No capítulo I, trátanse a prevención, a separación, a preparación para a reutilización e a reciclaxe dos residuos, así como a achega ou depósito destes por parte das persoas produtoras ou das posuidoras, facendo especial fincapé nos puntos críticos do sistema de xestión, como son a separación en orixe das diversas fraccións de residuos municipais e o depósito nos puntos de recepción, sexan composteiros, contedores ou calquera outro elemento ou sistema.

No capítulo II, puntos de achega de residuos municipais en espazos públicos, regúlanse a disposición dese contedores para as diferentes fraccións, as normas que se deben observar para a súa utilización, as obrigas das persas usuarias, os contedores de uso exclusivo e as bolsas especiais.

No capítulo III, formas de colleita de outras fraccións de residuos, regúlase a recollida de residuos de competencia municipal de características específicas, como son: os voluminosos, os residuos de xardinaría, os residuos téxtiles, os vehículos abandonados e os excrementos e cadáveres de animais domésticos.

No capítulo IV pautase a xestión do resto de residuos, en especial os residuos comerciais non perigosos, cuxa xestión é facultativa para as entidades locais. Regúlase a adhesión ao servizo de xestión municipal, como opción por defecto para os produtores ou posuidores deste tipo de residuos, e as obrigas de subministración de información ao Concello cando as persoas produtoras destes opten pola súa xestión á marxe do servizo municipal ou estando dentro do servizo municipal poidan chegar a afectalo. Tamén se regula as obrigas de comunicación e información para o resto de produtores e posuidores de residuos doutra natureza, non asimilables aos domésticos, con actividade no termo municipal.

O capítulo V trata da recollida do lixo disperso existente en espazos públicos. Delimítanse as obrigas do Concello en función do réxime xurídico do terreo no que se encontra o lixo e inclúese unha relación non exhaustiva de actividades non permitidas en espazos públicos, coa finalidade de preservar a limpeza destes espazos.

No capítulo VI, referido aos puntos limpos, regúlase o funcionamento do servizo de punto limpo, tanto fixo como móbil, establecéndose como punto de entrega daqueles residuos domésticos que non teñan un sistema de colleita específico, así como de reforzo de determinadas recollidas específicas. Regúlanse as condicións de admisión de residuos en canto a tipoloxía e cantidades e as obrigas dos seus usuarios.

O capítulo VII versa sobre o tratamento dos residuos de competencia municipal. Indícanse os tipos de tratamento ós que se destinarán as distintas fraccións separadas en orixe a día de hoxe, os cales poderán variar no futuro pola aparición ou modificación da normativa existente aplicable e/ou novas tecnoloxías de tratamento máis respectuosas co medio ambiente que as actuais.

O Título III, baixo o epígrafe: “Vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora” consta de tres capítulos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

No capítulo I, vixilancia, inspección e control, defínense os órganos competentes, as condicións de funcionamento do servizo de inspección e control e as normas relativas á inspección.

No capítulo II, responsabilidade e réxime sancionador, abórdase a potestade sancionadora, as persoas responsábeis das infraccións, a tipificación de infraccións e sancións e os seus prazos de prescrición, así coma a obriga por parte dos responsábeis de reparar os danos causados, incluídos os ambientais

No capítulo III regúlase o procedemento sancionador aplicable ás infraccións recollidas na ordenanza.

A ordenanza finaliza cunha disposición adicional, una disposición derogatoria e dúas finais. A disposición adicional establece as competencias de desenvolvemento normativo, a derogatoria afecta a aquelas disposicións que sendo do mesmo ou inferior rango entren en contradición co regulado na ordenanza, mentres que as disposicións finais primeira e segunda regulan a normativa subsidiaria de aplicación ao non previsto na presente ordenanza e a súa entrada en vigor.

VIII

Na elaboración desta ordenanza a Administración municipal actuou de conformidade cos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A necesidade deste texto normativo deriva da imprescindible adaptación ao marco legal vixente na actualidade, principalmente tras a aprobación da A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (disposición adicional oitava, art. 12.5 e concordantes), as directivas que esta traspón, así como a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, con respecto ao principio de seguridade xurídica, xerarquía normativa e competencia.

Esta ordenanza contén a regulación precisa para atender a finalidade a que se dirixe e o texto proposto satisfai tamén o principio de eficacia, ao configurarse como o instrumento máis axeitado para dar cumprimento ao interese xeral no exercicio das competencias na materia e no réxime das obrigas e dereitos de todos os axentes implicados, con observación do principio de proporcionalidade e sen introducir cargas administrativas innecesarias, respectando deste xeito o principio de eficiencia.

Os procesos participativos incluídos no procedemento avalan o respecto ao principio de transparencia. Salientamos a consulta previa efectuada ao abeiro do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o trámite de información pública ao que se somete o texto.

O contido da ordenanza que se pretende aprobar, como disposición administrativa de carácter xeral, adecúase, dende o punto de vista dos principios de xerarquía normativa e competencia, ao resto do ordenamento xurídico e non contén preceptos que vulneren outras normas de rango



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

superior. Asemade, desenvolve e colabora coa lei na definición das condutas constitutivas de infraccións administrativas axustándose á orde de xerarquía que establece a lei.

En definitiva a ordenanza respecta os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e proporcionalidade, así coma os de legalidade, seguridade xurídica, competencia ou xerarquía normativa. Ademais respecta o principio de igualdade de trato e non contén determinación ou previsión ningunha que poida supoñer ou incidir en cuestións de impacto por razón de xénero, analizado o seu propio contido desde a perspectiva da eliminación de desigualdades, incluída a de xénero, e da súa contribución á consecución dos obxectivos de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, a partir dos indicadores de situación de partida.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: S098SB3TJ01H9FQ7



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

A ordenanza desenvólvese segundo o seguinte esquema:

LIMIAR

- I
- II
- III
- IV
- V
- VI
- VII

TÍTULO I. Disposicións e Principios Xerais

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

- Artigo 1.Obxecto
- Artigo 2.Finalidades
- Artigo 3.Ámbito de aplicación
- Artigo 4.Definicións e terminoloxía
- Artigo 5.Normativa de aplicación

CAPÍTULO II. Obxectivos e principios xerais

- Artigo 6.Obxectivos cuantitativos municipais en materia de residuos
- Artigo 7.Residuos excluídos da xestión municipal
- Artigo 8.Fraccións de residuos municipais
- Artigo 9.Obrigatoriedade e universalidade do servizo

CAPÍTULO III. Responsabilidades, dereitos e deberes

- Artigo 10.Responsábeis dos residuos
- Artigo 11.Posesión dos residuos
- Artigo 12.Subsidiariedade dos traballos de limpeza e xestión de residuos municipais

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:S098SB3TJO1H9FQ7



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 13.Responsabilidade e co-responsabilidade dos produtores de residuos de competencia municipal ou local

Artigo 14.Taxas ou prestacións publicas patrimoniais non tributarias

Artigo 15.Outros deberes dos posuidores de residuos

Artigo 16.Deberes do servizo municipal de xestión de residuos

Artigo 17.Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos

TITULO II. Xestión dos residuos

Artigo 18.Programa de xestión e prevención de residuos municipais

CAPÍTULO I. Prevención, reutilización, separación e reciclaxe de residuos

Artigo 19.Prevenición de residuos

Artigo 20.Reutilización dos bens

Artigo 21.Separación en orixe dos residuos municipais

Artigo 22.Puntos de achega das fraccións de residuos municipais

Artigo 23.Reciclaxe de residuos municipais

CAPÍTULO II. Puntos de achega de residuos municipais en espazos públicos

Artigo 24.Contedores das distintas fraccións de residuos municipais

Artigo 25.Obrigas das persoas usuarias dos contedores en vía pública.

Artigo 26.Normas relativas aos contedores municipais de colleita de residuos

Artigo 27.Contedores de uso exclusivo

Artigo 28.Bolsas especiais

Artigo 29.Condicións, horarios de depósito dos residuos e frecuencia de recollida

CAPÍTULO III. Formas de colleita doutras fraccións de residuos municipais

Artigo 30.Normas relativas aos residuos de aveños, móbeis e outros utensilios voluminosos

Artigo 31.Colleita de voluminosos nos comercios

Artigo 32.Normas relativas aos residuos de xardinería, pequenas hortas particulares e poda de residuos domésticos

Artigo 33.Normas relativas aos residuos de roupa usada, téxtiles e aceites de cocina usados



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 34.Colleitas específicas doutras fraccións de residuos

Artigo 35.Vehículos abandonados

Artigo 36.Retirada de vehículos abandonados

Artigo 37.Excrementos

Artigo 38.Colleita de cadáveres de animais domésticos

Artigo 39.Réximes de colleita específica

Capítulo IV . Xestión do resto de residuos

Sección I. Comunicación e seguimento das persoas produtoras e posuidoras

Artigo 40.Censo de actividades

Artigo 41.Persoas produtoras, posuidoras e xestoras non adscritas ao servizo municipal

Sección II. Sobre a xestión dos residuos comerciais non perigosos

Artigo 42.Residuos comerciais

Artigo 43.Xestión dos residuos xerados nos mercados municipais e obrigas das persoas titulares dos postos

Artigo 44.Residuos industriais

Sección III. Outros residuos

Artigo 45.Residuos sanitarios

Capítulo V. Recollida de residuos espaxados en espazos públicos: lixo disperso.

Artigo 46.Obxecto da recollida.

Artigo 47.Ámbito material

Artigo 48.Competencias na materia.

Artigo 49.Actividades prohibidas.

Capítulo VI. Punto limpo

Artigo 50.Definición de punto limpo.

Artigo 51.Persoas usuarias e obrigas



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 52.Residuos admisibles e non admisibles

Artigo 53.Funcionamento e xestión

Artigo 54.Rexistro

Artigo 55.Destino final dos residuos

Artigo 56.Cantidades máximas a depositar

Artigo 57.Punto limpo móbil

CAPÍTULO VII . Tratamento dos residuos municipais

Artigo 58.Tratamento de residuos municipais

Artigo 59.Reciclaxe e tratamento das diferentes fraccións dos residuos municipais

TITULO III. Vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora

CAPÍTULO I . Vixilancia, inspección e control

Artigo 60.Órganos competentes

Artigo 61.Servizos de inspección e vixilancia

Artigo 62.Inspección

CAPÍTULO II . Responsabilidade e réxime sancionador

Artigo 63.Potestade sancionadora

Artigo 64.Persoas responsables

Artigo 65.Responsabilidade administrativa

Artigo 66.Infraccións

Artigo 67.Infraccións moi graves

Artigo 68.Infraccións graves

Artigo 69.Infraccións leves

Artigo 70.Sancións

Artigo 71.Gradación das sancións

Artigo 72.Reincidencia

Artigo 73.Prescrición das infraccións



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 74.Prescripción das sancións

CAPÍTULO III . Procedemento sancionador

Artigo 75.Procedemento sancionador e sanción

Artigo 76.Órganos competentes

Artigo 77.Execución alternativa de sancións económicas mediante traballos en beneficio da comunidade

Disposición adicional.

Disposición derogatoria

Disposición final Primeira.

Disposición final Segunda.



*TÍTULO I. DISPOSICIONES E PRINCIPIOS XERAIS**CAPÍTULO I. DISPOSICIONES XERAIS***Artigo 1. Obxecto**

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación, dentro das competencias que o ordenamento xurídico reconece ós concellos, do réxime xurídico aplicable á prevención, produción e xestión dos residuos municipais, incluídos os dispersos nos espazos públicos, potenciando medidas que preveñan a súa produción e diminúan os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente vinculados á xeración e xestión destes, á vez que se fomenta o uso sustentable dos recursos e a transición cara unha economía circular; todo isto no ámbito do termo municipal do Concello de Pontevedra e en desenvolvemento da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia ou normas que no futuro as substitúan.

2. Tamén é obxecto esta ordenanza, colaborar na consecución dos obxectivos de prevención e xestión de residuos marcados pola normativa de maior rango.

Artigo 2. Finalidades

Esta ordenanza ten como finalidades:

a) A progresiva transformación da sociedade pontevedresa nunha sociedade cuxo sistema produtivo estea baseado na economía circular, adoptar a concepción dos residuos como recursos con valor económico potencialmente aproveitables e a creación de emprego verde de calidade.

b) A protección do medio ambiente e da saúde humana mediante a redución dos impactos ambientais asociados á produción e xestión dos residuos e ao uso dos recursos, cunha énfase especial na redución dos gases de efecto invernadoiro para contribuír á loita contra o cambio climático.

c) A redución da cantidade de residuos xerados e do perigo asociado á súa deficiente xestión, co fin de disociar a produción de residuos do crecemento económico.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. Esta ordenanza é de aplicación a todos os residuos de competencia municipal que se orixinen e/ou xestionen no termo municipal do Concello de Pontevedra, tendo en conta o réxime de competencias definido na normativa estatal e galega de residuos e o previsto nesta ordenanza.

2. A presente ordenanza é de obrigado cumprimento tanto para o servizo municipal ou entidade xestora, calquera que sexa a a forma de xestión, coma para os particulares, empresas e institucións do sector público.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 4. Definicións e terminoloxía

Aos efectos da presente ordenanza serán de aplicación ás definicións recollidas na normativa relacionada no artigo 5, especialmente, a terminoloxía contida na normativa estatal e galega de residuos. Así mesmo, defínense a maiores os seguintes termos:

Animais domésticos: Calquera animal pertencente ás especies que o ser humano poida ter no seu poder de acordo á normativa vixente e cuxa tenza non teña por obxecto o seu consumo, o aproveitamento das súas producións ou actividades comerciais ou lucrativas.

Achega ou depósito de residuos municipais: acción de entregar ou depositar as diferentes fraccións de residuos municipais debidamente separadas en orixe consonte á normativa vixente nos elementos de contención dispostos para este fin polo Concello de Pontevedra. Inclúe a achega dos biorresiduos nos composteiros.

Bonificacións ambientais: rebaixas nas cotas das taxas ou prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que se esixan ós suxeitos pasivos pola prestación do servizo municipal de xestión de residuos, en función de boas prácticas ambientais e cumprimento de obxectivos.

Compostaxe Local: Sistema de xestión de biorresiduos municipais no que os biorresiduos debidamente separados en orixe polos seus produtores son achegados directamente por estes en composteiros. Inclúe a compostaxe comunitaria e a compostaxe doméstica ou individual

Compostaxe comunitaria ou de achega aberta: Modalidade de compostaxe local na que os biorresiduos municipais separados en orixe son xestionados en centros de compostaxe comunitaria. O seu réxime de funcionamento caracterízase polo feito de que son os propios produtores dos biorresiduos os que se encargan de levalos ata un centro de compostaxe comunitaria e de achegalos ou depositalos de forma adecuada nos composteiros habilitados ó efecto xunto co estruturante que teñen a súa disposición no propio centro, mentres que todas as operacións de tratamento e supervisión son realizadas por técnicos habilitados con formación específica en materia de compostaxe.

Compostaxe doméstica/individual ou de achega restrinxida: Modalidade de compostaxe local na que os biorresiduos municipais separados en orixe son xestionados en composteiros domésticos ou individuais. Na compostaxe doméstica ou individual a totalidade das operacións asociadas ao proceso da compostaxe son realizadas polas propias persoas usuarias do composteiro, contando co apoio e supervisión periódicos de persoal técnico habilitado con formación específica en materia de compostaxe.

Centro de compostaxe comunitaria: conxunto de composteiros e demais instalacións necesarias para o desenvolvemento do proceso da compostaxe comunitaria en condicións que garantan a protección da saúde humana e do medio ambiente, sito nun espazo público de libre acceso para a xestión en común dos biorresiduos municipais xerados polas persoas usuarias do programa de compostaxe comunitaria do Concello de Pontevedra.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Composteiro: No ámbito da compostaxe local, todo recipiente no que se introducen os biorresiduos municipais para ser sometidos a un proceso de compostaxe controlado, independentemente da súa capacidade ou técnica de manexo.

Composteiro doméstico ou individual: composteiro sito no espazo exterior vinculado a unha vivenda, establecemento de restauración, de venta minorista, edificio público ou calquera outro inmovible onde se xeren biorresiduos municipais, para a xestión particular destes residuos polos propios produtores no mesmo lugar onde se xeran.

Estruturante: No ámbito da compostaxe local, biorresiduos municipais de orixe vexetal que se botan no composteiro para mesturar cos residuos alimentarios principalmente coa intención de favorecer as condicións aerobias do proceso de descomposición que garantan a protección da saúde humana e do medio ambiente e eviten o desprendemento de cheiros desagradables. Tamén se pode empregar para cubrir por riba os residuos frescos que se botan no composteiro a modo de biofiltro. Nos centros de compostaxe comunitaria ou de achega aberta será obrigatorio que as persoas usuarias cubran os residuos que botan nos composteiros co estruturante que teñen á súa disposición no propio centro nunha cantidade suficiente para a total ocultación dos residuos achegados.

Impropios: Todos aqueles residuos que se incorporan incorrectamente nun fluxo de residuos obxecto de recollida separada e que poden afectar á aptitude destes últimos para someterse a operacións de preparación para a reutilización, reciclaxe ou outras de valorización. A normativa en materia de residuos pode establecer unha porcentaxe en masa máxima para os impropios presentes en cada fluxo de residuos recollidos selectivamente, de tal xeito que se se superase este límite máximo non se consideraría a recollida como separada.

Produtor ou produtora singular: As persoas físicas ou xurídicas, produtoras ou posuidoras de residuos comerciais non perigosos cuxa xestión de residuos se adscriba a xestores autorizados á marxe do servizo municipal, sexa para todas ou algunha das fraccións destes residuos. Tamén serán consideradas persoas produtores singulares aquelas persoas produtoras ou posuidoras de residuos comerciais non perigosos que estando adscritos ao servizo municipal presenten parámetros que afecten ou poidan afectar ao servizo, segundo o previsto nesta ordenanza. En ámbolos casos para estes produtores esta ordenanza establece unhas condicións específicas para o control e seguimento dos seus residuos.

Artigo 5. Normativa de aplicación

Con carácter non exhaustivo cítase a marco normativo básico de aplicación:

EUROPEA

- Directiva 1999/31/CE relativa ao vertido de residuos
- Directiva 1994/62/CE, de envases e residuos de envases.
- Directiva 2000/53/CE de vehículos ao final da súa vida útil.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

- Regulamento (UE) 2023/1542, relativo ás pilas e baterías e ós seus residuos e polo que se modifican a Directiva 2008/98/CE e o Regulamento (UE) 2019/1020 e se derroga a Directiva 2006/66/CE.
- Directiva 2008/98/CE sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas.
- Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos-RAEE.
- Directiva 2018/849 UE pola que se modifican a Dir. 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Dir. 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e ós residuos de pilas e acumuladores e a Dir. 2012/19/UE sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- Directiva 2018/850 UE pola que se modifica a Dir. 1999/31/CE relativa ao vertido de residuos.
- Directiva 2018/851 UE pola que se modifica a Dir. 2008/98/CE sobre os residuos.
- Directiva 2018/852 UE pola que se modifica a Dir. 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
- Directiva 2019/904 UE relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente.

ESTATAL

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental
- Lei 34/2007 de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera
- Real decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases
- Real decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ó final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro
- Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control Integrados da contaminación
- Real decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos
- Real decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos
- Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición,
- Real decreto 1619/2005, de 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso, modificado polo Real decreto 731/2020, do 4 de agosto



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

- Resolución de 16 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 6 de novembro de 2015, polo que se aproba o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR) 2016-2022.
- Resolución de 20 de decembro de 2013, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 13 de decembro de 2013, polo que se aproba o Programa Estatal de Prevención de Residuos 2014-2020.

GALEGA

- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia
- Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e a xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia
- Resolución do 7 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai público o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUGA) 2010-2020 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 13 de xaneiro de 2011 e se dá a difusión e a publicidade esixidas pola Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia
- Actualización do PXRUGA, de xullo de 2014
- Actualización do PXRUGA, de decembro de 2016
- Decreto 175/2024, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030

PROVINCIAL

- Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do plan revitaliza (BOPPO 30 xaneiro 2019)

CAPÍTULO II. OBXECTIVOS E PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 6. Obxectivos cuantitativos municipais en materia de residuos

Teranse en conta todos os obxectivos de prevención e xestión aplicables ós residuos municipais que se establezan na normativa de aplicación sinalada no artigo anterior, procurando acadalos nos prazos establecidos e incluso superalos con folgura.

Artigo 7. Residuos excluídos da xestión municipal

1. Quedan excluídos do servizo municipal de xestión de residuos todos aqueles que non teñen a consideración de residuos municipais de acordo co establecido na normativa de aplicación. De forma específica, quedan excluídos os residuos industriais e os residuos comerciais perigosos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. O Concello poderá non aceptar no sistema de xestión municipal aqueles residuos comerciais non perigosos que teñan unhas características de configuración, presentación, volume, peso, cantidade diaria excesiva, alto contido de humidade ou outras características, que imposibiliten a súa xestión a través do servizo municipal. No caso de que o motivo da exclusión se deba á cantidade xerada por día, esta fundamentarase no límite máximo de produción diaria de residuos comerciais non perigosos que se poderá establecer en ordes e instrucións de servizo.

3. O Concello poderá excluír do sistema de xestión municipal aqueles residuos domiciliarios singulares, nos casos nos que se demostren afeccións directas ao sistema de recollida que poñan en risco á prestación do servizo, xustificándoo a través de ordes e instrucións de servizo en desenvolvemento desta ordenanza ou en expediente que se tramite ad hoc. Poderán excluírse os residuos domiciliario singulares sempre que se demostre a insuficiencia ou afección do sistema de xestión municipal e sen menoscabo do seu acceso a sistemas complementarios que permitan a súa xestión efectiva á cargo dos seus posuidores. Afectaría no seu caso, entre outros, a residuos que polo seu especial perigo non podan ser xestionados polas canles do sistema de xestión e a aqueles que podan estar xa asociados a unha canle de recollida específica; como, por exemplo, aquela suxeita á responsabilidade ampliada da persoa produtora que non teña acordo de recollida no sistema municipal.

4. Non entanto, os produtores, posuidores e xestores de residuos municipais excluídos do sistema de xestión municipal quedan obrigados a todo aquilo que lles sexa de aplicación do pautado na presente ordenanza.

Artigo 8. Fraccións de residuos municipais

1. Os residuos municipais clasifícanse nas seguintes fraccións segundo a súa tipoloxía:

a) Biorresiduos. Os residuos orgánicos biodegradables seguintes: os residuos vexetais máis os residuos alimentarios.

b) Residuos vexetais. Os residuos de plantas, de consistencia leñosa ou herbácea, xerados en hortas, parques e xardíns a consecuencia de traballos de poda, sega e outros propios da agricultura e/ou a xardinería, que son tamén biorresiduos.

c) Residuos de envases lixeiros. Comprende os residuos de envases que se caracterizan pola súa baixa densidade, fundamentalmente envases de plástico, de metal, briks e outros envases mixtos (compostos por varios materiais). Están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor.

d) Residuos de envases de vidro. Comprende todos os residuos de envases de vidro, como por exemplo, botellas, frascos ou tarros. Non inclúe os residuos de vidro plano, tépedo ou laminado que non é envase, como por exemplo de fiestras, nin os residuos de cristais. Están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

e) Residuos de papel e cartón, tanto envases, que están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor, como non envases, que se xestionan conxuntamente cos anteriores.

f) Residuos voluminosos. Residuos de móbeis, aveños e colchóns.

g) RAEs. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos. Inclúe os residuos de lámpadas e luminarias. Están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor.

h) Residuos de pilas e acumuladores. Están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor. Cando sexa posible e seguro, os usuarios extraerán as pilas, acumuladores e baterías usadas dos aparatos que as conteñan, seguindo as instrucións facilitadas polo fabricante.

i) Residuos téxtiles. Residuos de roupa, calzado e outros téxtiles.

l) Aceites de cociña usados. Residuos de graxas de orixe vexetal e animal que se xeran tras o cociñado de alimentos. Non inclúe os residuos de aceites minerais usados en motores de combustión, para lubricación e demais similares.

m) Cadáveres de animais domésticos.

n) Residuos de pequenas obras domiciliarias.

ñ) Vehículos abandonados. Están afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor.

o) Outros residuos que se recollen selectivamente. Inclúe residuos especiais ou específicos, perigosos e non perigosos, afectados polo réxime xurídico de responsabilidade ampliada do produtor ou non, que se recollen nos puntos limpos, como por exemplo residuos de: pneumáticos; disolventes, pinturas e vernices; produtos de limpeza básicos; tóners;...

p) Fracción resto. É a fracción composta polos residuos que non son obxecto das recollidas selectivas. Inclúe residuos como os seguintes: residuos téxtiles sanitarios (residuos de cueiros, compresas, tampóns,...); residuos de limpeza como po de varrer e bolsas de aspiradora; cinzas de chemineas, caldeiras e estufas; cabichas;...

2. O Concello, en función do avance nas técnicas de reciclaxe e da xestión de residuos, así como da nova normativa que puidera entrar en vigor, previo anuncio público e campañas de divulgación, poderá variar tanto as fraccións como a composición de cada fracción nas que se clasifican os residuos.

Artigo 9. Obrigatoriedade e universalidade do servizo

1. O Concello ten establecido o servizo público municipal de xestión de residuos municipais como un servizo de recepción obrigatoria, polo que as actividades susceptibles de ser xeradoras de residuos domésticos e asimilables, sexa potencial ou efectivamente, están obrigadas a recibilo con carácter universal, agás as modulacións e excepcións previstas nesta ordenanza.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. Tamén se establece o servizo público municipal como obrigado para as actividades produtoras e posuidoras de residuos comerciais non perigosos, nas condicións reguladas nesta ordenanza, e a salvo da posible autorización singular de xestións diferenciadas a aquela.

3. O resto de actividades produtoras/xeradoras ou posuidoras de residuos, terán que xestionarse mediante xestores autorizados, coas obrigas de información e comunicación desas actividades reguladas na lexislación estatal e galega de residuos, así como coas particularidades establecidas nesta ordenanza.

CAPÍTULO III. RESPONSABILIDADES, DEREITOS E DEBERES

Artigo 10. Responsábeis dos residuos

1. En calquera das situacións a responsabilidade dos residuos é da persoa posuidora, propietaria ou tenente, sexa este domicilio, actividade económica ou social, institución ou viandante.

2. A persoa responsábel non poderá, en ningunha circunstancia, actuar cos residuos de forma que contamine, ensucie ou prexudique ao medio ambiente, á salubridade ou ao ornato.

3. Esta responsabilidade só remata cando se entreguen os residuos a un xestor autorizado ou se depositen nos lugares e puntos establecidos para a súa achega, cumprindo as condicións esixidas pola normativa reguladora, por esta ordenanza e polas ordes e instrucións do servizo que a desenvolvan.

Artigo 11. Posesión dos residuos

O Concello, o suxeito xestor autorizado que xestione os residuos e/ou as persoas titulares dos puntos de achega de residuos, adquiren a posesión e a responsabilidade da xestión dos residuos só cando estes foran depositados nos puntos de entrega nas condicións establecidas na normativa reguladora, nesta ordenanza e nas ordes e instrucións de servizo ou nas normas específicas que apliquen a cada fracción.

Artigo 12. Subsidiariedade dos traballos de limpeza e xestión de residuos municipais

1. O Concello pode executar subsidiariamente os traballos de limpeza e xestión de residuos municipais que segundo esta ordenanza e demais normativa de aplicación deban realizar ou estean a cargo de terceiros, os cidadáns, as actividades ou as institucións, previo requirimento aos seus posuidores e, en tal tarefa imputaralles os custos do servizo sen prexuízo das sancións administrativas que correspondan en cada caso.

2. En casos de xustificada urxencia a actuación municipal pode ser inmediata, sen que este feito exonere do pagamento do servizo nin das sancións que correspondan, previa tramitación dos correspondentes procedementos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 13. Responsabilidade e co-responsabilidade dos produtores de residuos de competencia municipal ou local

Con independencia das bonificacións económicas que se poidan determinar na ordenanza reguladora da taxa ou prestación patrimonial pública non tributaria, a co-responsabilidade, ou participación activa na xestión de residuos municipais das persoas produtoras de residuos, concrétanse, sen carácter exhaustivo, nas seguintes obrigas.

CON CARÁCTER XERAL PARA TODOS OS RESIDUOS:

a) Minorar a produción de residuos en todas as súas clases e adoptar medidas para a correcta entrega ou recuperación dos residuos, segundo a súa natureza, aos xestores autorizados; de forma que se minimicen os riscos asociados e se maximice o seu re-aproveitamento, cunha redución do uso de materias primas e outros consumos, entre eles o enerxético, así como a redución de afeccións ambientais e de emisións.

b) Comunicar ao Concello a produción e, no seu caso, a xestión dos residuos na medida que esa comunicación estea prescrita na lei e nesta ordenanza, e se xestione á marxe da xestión municipal.

c) Separar en orixe todas e cada unha das fraccións de residuos municipais e non municipais que se determinan nesta ordenanza, nas ordes e instrucións de servizo e na normativa xeral reguladora.

d) Para as persoas produtoras, posuidoras e axentes distribuidores nos casos en que a normativa sobre a responsabilidade ampliada do produtor así o esixa: realizar a entrega dos residuos nos puntos de achega establecidos e aceptar no seu caso á entrega de residuos de produtos de tipoloxía análoga aos que vende ou distribúe, para a súa reutilización ou reciclaxe.

ESPECIFICAMENTE, PARA OS RESIDUOS MUNICIPAIS TAMÉN DEBERASE:

e) Xestionar os biorresiduos xerados nas vivendas unifamiliares nos composteiros entregados polo concello ou propios, e facilitar a inspección e control para a comprobación do seu correcto funcionamento e para a colleita de datos.

f) Achegar os biorresiduos debidamente seleccionados e achegar estruturante nos composteiros para facilitar a súa correcta compostaxe; tamén nos composteiros de achega aberta.

g) No caso das fraccións para as que se utilice o sistema porta a porta: achegar ou depositar, nas datas e nos horarios determinados polas instrucións de servizo, as fraccións dos residuos municipais correspondentes nas condicións de separación e pureza axeitados.

h) Achegar aos contedores ou puntos de recepción establecidos todas as fraccións de residuos xeradas, debidamente separadas e nas condicións determinadas.

i) Responsabilizarse dos residuos que poidan xerar tanto os menores ou persoas baixo a súa tutela como os animais de compañía.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

k) Separar e entregar no punto limpo ou nos puntos de achega específicos os residuos especiais, os perigosos, os de pequenas obras domiciliarias, e aqueles que non teñan canles de colleita específicos.

l) Para actividades económicas xeradoras de residuos específicos ou perigosos que non se podan xestionar no servizo municipal: xestionar mediante xestor autorizado estes residuos.

m) Comunicar actividades, situacións ou eventos que previsibelmente xeren unha cantidade excepcional de residuos co fin de prever as accións necesarias para a súa boa xestión.

n) Reforzar cos seus propios medios os elementos de contención para situacións puntuais nas que a xeración de residuos asociada á actividade supere a habitual, ou nas que, por motivos técnicos non sexa posíbel a dotación pública suficiente para atender os residuos xerados asociados á actividade.

o) Financiar aqueles suxeitos obrigados, nos termos que se determinen na ordenanza reguladora, o servizo de residuos municipais.

Artigo 14. Taxas ou prestacións publicas patrimoniais non tributaria

O Concello establecerá taxas ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, diferenciada e específica para os servizos que debe prestar en relación cos residuos municipais, que debe tender cara ao pago por xeración e que teña en conta o soporte de todo o servizo, tanto a súa xestión integral, como o custo da vixilancia, inspección e control.

Artigo 15. Outros deberes dos posuidores de residuos

Os posuidores de residuos e as persoas usuarias do servizo, teñen con carácter non exhaustivo, o deber de:

CON CARÁCTER XERAL,

a) Responsabilizarse de todos e cada un dos seus residuos, tanto domiciliarios como dos xerados nas actividades económicas, asistenciais e do sector público, así como dos residuos dos menores e persoas ao seu cargo e, no seu caso, dos animais domésticos.

b) As persoas produtores singulares que xeren mais de 10 tm de residuos non perigosos ao ano, e os xestionen por si: dispor do arquivo cronolóxico a que se refire o artigo 64 da Lei 7/2022, ou norma que no futuro a substitúa, a disposición do concello.

c) No caso de vivendas unifamiliares con parcela exenta maior de 50 m²: xestionar os seus biorresiduos mediante compostaxe individual/doméstica, en composteiros entregados polo Concello. En caso de non cumprirse esta condición de superficie a compostaxe doméstica será opcional, ao igual que no caso de resultar inviable por concorrer outras causas excepcionais debidamente xustificadas, como poden ser as derivadas das circunstancias persoais das persoas



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

produtoras ou do destino ou uso autorizado da vivenda, supostos nos que o Concello habilitará sistemas alternativos de recollida dos bioresiduos.

d) Separar en orixe os seus residuos segundo as fraccións establecidas nesta ordenanza e nas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan. Con carácter moi singular e xustificado o Concello, mediante orde ou instrución de servizo, poderá excepciónar de dita obriga algunhas actividades, de resultar dita separación inviable.

e) Depositar ou achegar, os seus residuos consonte ás normas, horarios e condicións establecidas polo Concello na normativa reguladora, nesta ordenanza e nas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan.

PARA OS RESIDUOS MUNICIPAIS,

f) Utilizar correctamente os contedores e os puntos de achega, tanto públicos como privados, ou, no seu caso, os contedores de uso exclusivo, das diversas fraccións dos residuos municipais.

g) Entregar no punto limpo ou elemento de contención con ese fin todos os residuos municipais especiais, tóxicos ou perigosos admisibles así como os restos de pequenas obras domiciliarias, así como outros domésticos e aveños que non teñan un circuíto de recollida específico. As persoas produtoras e posuidoras non adscritas ao servizo municipal, deberán xestionar os seus residuos, sexan ou non perigosos, a través de xestores autorizados, sen menoscabo de demostrar e comunicar dita xestión, segundo se establece na lei e nesta ordenanza.

h) Comunicar a entrega dos residuos voluminosos ao servizo establecido polo Concello e axustarse ás condicións especificadas.

i) Colaborar na consecución dos obxectivos municipais en materia de prevención e reciclaxe de residuos.

k) Pagar a taxa ou a prestación patrimonial pública de carácter non tributaria correspondente fixada na ordenanza reguladora.

l) Comunicar os incumprimentos que observe da presente ordenanza.

m) Comunicar as anomalías que observe na xestión do servizo.

Artigo 16. Deberes do servizo municipal de xestión de residuos

Con carácter non exhaustivo, e no ámbito regulado pola ordenanza,

a) Prestar o servizo público de xestión de residuos municipais, de acordo co previsto nesta ordenanza e na normativa xeral e sectorial aplicable.

b) Prestar o servizo público pautado nesta ordenanza conforme aos sistemas técnicos e organizativos que en cada momento se valoren como máis eficaces e operativos, tendo en conta a eficiencia operativa e económica do servizo e a calidade do servizo prestado ás persoas usuarias.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

c) Informar e difundir as normas, ordes e instrucións sobre as condicións sobre as que se presta o servizo.

d) Organizar a colleita de xeito que se optimice os recursos e se minimice as posíbeis afeccións ao medio ambiente, en especial, evitando emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI'S), cheiros e derrames.

e) Facer seguimento e colaborar no bo funcionamento dos sistemas de compostaxe local así como da achega de estruturante nos termos que se establezan nas ordes e instrucións de servizo.

f) Dotarse dos medios humanos e materiais necesarios para realizar unha efectiva función de vixilancia, inspección e control da xestión dos residuos municipais.

g) Manter no debido estado de funcionamento, ornato e limpeza todos os elementos de contención, a maquinaria e demais elementos funcionais do sistema de xestión de residuos municipais.

h) Dimensionar os elementos de contención de residuos, sexan contedores, composteiros, papeleiras ou de outro tipo, de xeito que non se produzan desbordamentos.

i) Realizar unha caracterización das distintas fraccións dos residuos municipais cada vez máis precisa e axustada á realidade dos residuos municipais.

k) Prestar o servizo de punto limpo e, no seu caso, de punto limpo móbil.

l) Establecer circuítos de tratamento in situ, ou de colleita de todas e cada unha das fraccións dos residuos municipais.

m) Tomar as medidas adecuadas para mellorar a trazabilidade dos residuos municipais nas súas diversas fraccións e fluxos así como da globalidade.

n) Realizar campañas e actividades de concienciación sobre unha xestión dos residuos municipais respectuosa co medio ambiente e coa saúde humana.

ñ) Responder de xeito motivado ás queixas, suxestións e peticións que fagan as persoas produtoras/posuidoras de residuos e os cidadáns en xeral.

Artigo 17. Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos

As persoas produtoras/posuidoras de residuos municipais e as cidadás e cidadáns teñen dereito, no ámbito desta ordenanza, con carácter xeral e segundo se desenvolva en ordes e instrucións de servizo, a:

a. Utilizar os servizos municipais de xestión de residuos nos termos que establece a presente ordenanza e as ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan.

b. Coñecer as condicións e, no seu caso, os horarios de entrega das diferentes fraccións dos seus residuos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

c. Recibir información e aclaracións a todas as dúbidas que puidesen xurdir para a correcta xestión dos seus residuos.

d. Recibir orientación e axuda técnica para a correcta xestión dos composteiros individuais e colectivos, incluída, no seu caso, a achega de estruturante.

e. Dispoñer a unha distancia razoábel da súa vivenda ou actividade de contedores ou puntos de achega para as diferentes fraccións dos seus residuos, cando o servizo non se preste polo sistema porta a porta. E, en caso contrario, para residuos específicos e outros sen colleitas específicas, dispor de acceso a súa entrega nun punto limpo.

f. No caso do sistema porta a porta, a que se lle recollan as súas achegas en tempo e forma.

g. Acceder a un servizo de punto limpo fixo e/ou móbil que xestione os seus residuos especiais, voluminosos, restos de obras e outros.

h. Acceder a un servizo de colleita de residuos voluminosos.

i. Que os seus residuos sexan correctamente xestionados e tratados garantindo as posibilidades de reutilización, de reciclaxe e, en xeral, o mínimo impacto ambiental na súa xestión.

k. Ser informados dos mellores datos dispoñíbeis sobre a produción de residuos municipais e do impacto que xeran sobre o medio ambiente

l. Ser informados do custo económico da xestión dos residuos e do uso que se fai das súas taxas ou prestación patrimonial pública non tributaria publica para a xestión de residuos. Neste sentido periodicamente se farán públicos o custo económico da xestión dos residuos e a cobertura real dese custo.

m. Participar na xestión de residuos formulando suxestións, queixas, avisos ou denuncias en materia de xestión de residuos por calquera das canles establecidas polo concello. O Concello está obrigado a atendelas exercendo as accións que correspondan en cada caso e responder no mínimo tempo posíbel.

n. Participar na xestión dos residuos municipais a través das institucións de participación social e veciñal como asociacións de veciños, culturais e outras institucións similares.

o. Recibir respostas fundamentadas ás súas peticións.



*TÍTULO II. XESTIÓN DOS RESIDUOS**CAPÍTULO I. PREVENCIÓN, REUTILIZACIÓN, SEPARACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS***Artigo 18. Programa de xestión e prevención de residuos municipais**

1. O Concello elaborará un programa de xestión de residuos municipais, que conterá un programa de prevención, ao que se incorporará a xestión e prevención que desenvolva o servizo municipal así como a documentación e información daqueles servizos e sistemas que o complementen e que se desenvolvan a través doutros xestores autorizados.

Dito programa deberá ter en conta con carácter transversal todos os residuos municipais, tanto domiciliarios como asimilados, que recaian baixo competencia municipal.

2. Os produtores singulares ou posuidores de residuos comerciais non perigosos que non estean adscritos ao servizo municipal deberán tramitar a documentación e cumprir as obrigas de información e comunicación establecidas nesta ordenanza e subministrar, entre esta, a información necesaria a ter en conta nestes programas municipais.

3. O resto de persoas produtoras ou posuidoras de residuos asimilados adscritos ao servizo, en caso de que se consideren produtores singulares polas características específicas das súas achegas, tamén quedaran suxeitos a ditas obrigas, nas condicións establecidas nesta ordenanza.

4. Os procesos que afectan á recollida domiciliaria xeral estarán cubertos directamente dentro do programa municipal e baixo competencia do servizo municipal, cuxo xestor ou xestores serán os encargados de proporcionar a información e colaborar no seguimento do respectivo programa municipal baixo a tutela do servizo responsable.

Artigo 19. Prevención de residuos*ESTABLÉCESE COMO CRITERIOS REITORES NA PREVENCIÓN,*

1. Todos os axentes involucrados na xestión de residuos, produtores, posuidores, xestores, a cidadanía e as propias actividades económicas, así como as institucións procurarán satisfacer as súas necesidades empregando os mínimos recursos materiais, evitando ademais, sempre que sexa posíbel, a súa conversión en residuos. Para lograr este fin, establécense distintas liñas ás que todos os axentes e entidades afectas estarán obrigadas.

2. Deberase prever un uso responsable dos recursos e dos produtos, minimizar a produción de residuos e priorizar no seu caso a reutilización e doazón de produtos en uso antes de finalizar a súa vida útil fronte ao seu rexeite; así como, de non caber outra opción, proceder á separación para a reciclaxe.

3. Deberase primar aos produtos de maior vida útil, que presenten maiores posibilidades de reutilización e reciclaxe, menor pegada de carbono en todo o seu ciclo de vida e menor xeración de residuos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

4. Adoptarase un consumo responsable, acorde coa sostibilidade no uso dos recursos, de maneira que se garanta un desenvolvemento sostible dentro dunha económica circular, onde se protexa o medio ambiente, se limite o estado de emerxencia climática e o uso de enerxías non renovables.

5. Minorarase a produción de biorresiduos, doando alimentos non caducados aos bancos de alimentos, utilizando outras técnicas de reutilización, de conserva, programando de forma razoable a compra, entre outras medidas de minoración.

6. Compostarase localmente todos os biorresiduos nas zonas nas que as posibilidades técnicas e de disposición de espazos o permitan. En canto ás condicións nas que se debe facer a compostaxe local, estarase ao disposto nas ordes e instrucións de servizo específicas que desenvolvan esta ordenanza e, no seu defecto, nas guías de boa práctica aplicables.

Artigo 20. Reutilización dos bens

1. Antes de eliminar como residuo calquera tipo de ben, incluídos os de consumo, os xeradores de residuos procurarán estender a súa vida útil, doalo ou facilitar outras formas das que se poidan servir a outros.

2. O Concello estará obrigado a facilitar espazos e sistemas para o intercambio de bens para evitar que se convertan en residuos, así como facilitar outras prácticas que estimulen a súa reutilización.

Artigo 21. Separación en orixe dos residuos municipais

1. Todas as persoas produtoras/posuidoras de residuos municipais deben seleccionar e separar en orixe as distintas fraccións de residuos, para o seu posterior procesamento e xestión, segundo os casos, na forma e lugares determinados polo Concello para cada unha das fraccións e zonas do Concello

2. Prohíbese acumular en orixe residuos mesturados ou con separación inapropiada. O depósito e o tratamento de residuos de forma incorrecta ou non separada axeitadamente será sancionábel.

Artigo 22. Puntos de achega das fraccións de residuos municipais

1. Todas as persoas produtoras e posuidoras de residuos municipais deben entregar as diversas fraccións de residuos separados, mediante a súa achega ou depósito, en condicións que permitan o seu posterior procesamento ou tratamento. A persoa posuidora cesa na súa posterior responsabilidade coa adecuada entrega dos residuos a un xestor autorizado a través dun punto de achega e colleita, agás para o caso da compostaxe local restrinxida e a compostaxe individual.

2. Non está permitido depositar nos puntos de achega ou entrega residuos líquidos ou susceptibles de licuarse, salvo aqueles que se así se exceptúen nesta ordenanza e nas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan, como no caso dos aceites domésticos de cociña usados.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

3. Os residuos municipais deben achegarse correctamente separados e nas condicións establecidas nesta ordenanza e nas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan.

4. A achega ou depósito de residuos mal separados ou sen cumprir as condicións establecidas para a súa entrega será sancionábel.

Artigo 23. Reciclaxe de residuos municipais

1. Todas as fraccións dos residuos, agás os biorresiduos dedicados á compostaxe local e a fracción refugallo ou resto, serán recollidos e transportados ás plantas de reciclaxe-compostaxe correspondentes, manténdose separados en todo o proceso.

2. A fracción resto terá como destino un xestor autorizado. Na actualidade destínase á valorización enerxética a través da Sociedade galega de medio ambiente- SOGAMA.

3. Cando os residuos dunha determinada fracción presenten unha cantidade de impropios inaceptábel que fagan imposíbel a súa xestión como fracción separada, ou sexa, cando os residuos correspondan á categoría de mesturados, decidirse, en función das súas características se pasan a unha planta para a súa separación ou se incorporan á fracción resto, atendendo aos obxectivos de reciclaxe da normativa sectorial e os que apliquen segundo contratos do servizo.

CAPÍTULO II. PUNTOS DE ACHEGA DE RESIDUOS MUNICIPAIS EN ESPAZOS PÚBLICOS

Artigo 24. Contedores das distintas fraccións de residuos municipais

1. O Concello instalará puntos de colleita nas vías e espazos públicos, evitando no posíbel a súa proliferación.

2. Os contedores que estarán nos espazos públicos serán, salvo para as zonas de colleita porta a porta, os das fraccións: 1) vidro, 2) papel e cartón, 3) envases lixeiros de plástico e metais, e 4) fracción resto. Naquelas zonas ás que non chegue a compostaxe local, tamén o contedor 5) contedor marrón ou de biorresiduos.

Tamén se disporán contedores específicos para as fraccións recorrentes de residuos singulares, en concreto, pilas, aceite de cocina usados, roupa e téxtiles, coa cobertura suficiente e coordinada con outros modelos de depósito e recollida complementarios, así como cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor.

O Concello poderá variar a tipoloxía das diferentes fraccións, por sistemas mais eficientes como poderían ser fracción orgánica/fracción inerte, etc.

3. A capacidade de colleita dos contedores situados nas vías públicas das distintas fraccións debe ser proporcional ás cantidades estimadas de residuos xerados polas vivendas e actividades xeradoras de residuos ás que presta o servizo, para evitar o desbordamento e facilitar a recollida. Garantirase a súa correcta cobertura tanto na zona urbana, como en todos os barrios e parroquias rurais do Concello.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

4. O servizo garantirá o baleirado dos contedores con unha frecuencia que evite ditos desbordamentos.

5. Os contedores estarán en correcto estado de limpeza e sostemento.

6. No centro histórico, así como outras zonas de tipoloxía asimilable, de existiren sistemas de recollida en contedor, deberán implantarse para minimizar o seu impacto, aumentando frecuencias ou prevendo a retirada, limpeza e re-colocación de contedores en determinadas franxas horarias, entre outras medidas.

7. No caso de que a tipoloxía urbanística dun barrio ou lugar, ou os usos establecidos, aconsellen un método de colleita porta a porta, sen contedores para algunha ou todas as fraccións, este método, por si ou en combinación con contedores de algunhas fraccións, deberá garantir puntos de achega e colleita de todas as diferentes fraccións de residuos municipais.

8. O Concello, en función do avance nas técnicas de reciclaxe e da xestión de residuos, así como da nova normativa que puidera entrar en vigor, previo anuncio público e campañas de divulgación, poderá variar os puntos de achega para as fraccións nas que se clasifican os residuos.

Artigo 25. Obrigas das persoas usuarias dos contedores en vía pública.

Corresponde ás persoas usuarias do servizo separar en orixe as diferentes fraccións e depositalas nos contedores específicos que a tal efecto se instalan na vía pública ou depositalos daquela outra formas complementarias reguladas nesta ordenanza, así como cumprir coas seguintes obrigas e restricións, sen prexuízo do perfeccionamento que se recolla en ordes e instrucións de servizo en desenvolvemento desta ordenanza:

1. Cada tipo e fracción dos residuos deberá depositarse nos contedores nas condicións establecidas nesta ordenanza, así como nas ordes e instrucións de servizo que deberán ser suficientemente divulgadas. Entre estas condicións poden establecerse limitacións horarias.

2. Para evitar derrames e cheiros, a materia orgánica debe depositarse dentro dos respectivos contedores en bolsas compostábeis e a fracción resto en bolsas resistentes, en ámbolos casos pechadas e atadas. As fraccións vidro e papel e cartón vertidas directamente, debidamente pregadas no caso do cartón. No caso da fracción envases lixeiros e metais, nunha bolsa pechada e atada que teña a condición de envase.

3. Os cueiros, compresas, máscaras hixiénicas, cabichas e similares, deben incorporarse á bolsa da fracción resto dentro dunha bolsa hermética, para garantir unha completa estanquidade. As condicións específicas para este tipo de residuos específicos, así como outros similares, poden ser perfeccionados por ordes e instrucións de servizo.

4. Os contedores de colleita selectiva deben utilizarse correctamente e, en consecuencia, non depositar outros residuos distintos dos que correspondan a cada contedor.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

5. Non está permitido en ningún caso, salvo para os puntos de achega específicos para aceites de cociña usados, depositar residuos en estado líquido, ou susceptíbeis de licuado, dentro dos contedores.

6. Non está permitido depositar ou abandonar os residuos fóra dos contedores, incluso cando estean cheos. O incumprimento desta prescrición será sancionábel.

7. En ningún caso está permitido incorporar nas bolsas e depositar nos contedores residuos específicos que requiran tratamentos singulares ou residuos perigosos, aínda que estean xerados nos fogares. Estes residuos deben transferirse aos puntos de achega específicos ou ao punto limpo, segundo o caso.

Artigo 26. Normas relativas aos contedores municipais de colleita de residuos

1. Os contedores de residuos só poden ser manexados polo persoal dos servizos municipais, agás, no seu caso, os contedores utilizados para uso exclusivo dun suxeito xerador de residuos ou por xestor de residuos autorizado polo Concello.

2. Non está permitido elixir, seleccionar ou retirar materiais dos contedores.

3. Os servizos competentes do Concello determinarán o número e os puntos de colocación dos contedores. Para definir o número e a localización dos contedores, deben terse en conta os seguintes criterios, nesta orde:

- Proximidade ás actividades xeradoras de residuos.
- Non prexudicar a mobilidade e a seguridade dos peóns.
- Minimizar o impacto sobre actividades, vivendas e persoas.
- Facilitar e garantir a seguridade de acceso para os usuarios.
- Non prexudicar a seguridade na circulación de calquera tipo de vehículos.
- Aspectos estéticos e integración no medio

4. É necesario respectar o espazo reservado aos contedores. Non está permitido movealos da súa localización, agás cando sexan de uso exclusivo e incluso nese caso respectarase as condicións autorizadas e a situación asignada.

5. Agás casos excepcionais debidamente xustificados ou que se sitúen en espazos públicos que se configuren como zonas de convivencia e uso plural, os contedores nunca deben estar colocados en beirarrúas nin en espazos de circulación peonil.

6. Os vehículos deben respectar a localización dos contedores. Está prohibido empuxalos, golpealos, e estacionar ou parar a menos de un metro dos elementos de contención de residuos. Para aplicar esta prohibición deberá sinalizarse ou advertirse no propio contedor desta servidume.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 27. Contedores de uso exclusivo

1. Os contedores de uso exclusivo para as persoas produtoras/posuidoras de residuos, poden estar asociados a puntos de achega de xestores autorizados ou á xestión municipal, e, neste último caso, poden ser de propiedade municipal ou propiedade das persoas produtoras de residuos ou xestores.

2. En ningún caso se autorizará o seu uso a persoas alleas á propiedade, entidade xestora ou persoa usuaria exclusiva do contedor.

3. Os contedores de uso exclusivo deben estar correctamente identificados e asociados ao seu titular. O titular estará obrigado a manter o contedor en correcto estado. Os contedores de uso exclusivo deben estar dentro da parcela do seu titular ou usuario exclusivo e só sacarse a vía pública no tempo mínimo necesario para a súa colleita. No caso excepcional de imposibilidade técnica e que deban estar na vía pública, será necesaria, de non ser o contedor de propiedade municipal, dunha autorización municipal.

4. O Concello poderá homologar os contedores e os elementos identificadores, especialmente cando deban incorporar elementos de identificación electrónica.

5. Agás para os domicilios, o Concello poderá gravar a utilización exclusiva de contedores de propiedade municipal así como a ocupación de vía pública polos contedores de uso exclusivo.

Artigo 28. Bolsas especiais

1. O Concello poderá establecer a obrigatoriedade dunha tipoloxía de bolsas para uso doméstico ou comercial para fraccións específicas dos residuos, que favorezan a selección en orixe e a colleita selectiva tanto para o sistema de contedores como para a colleita “porta a porta”.

Nese caso, o Concello establecerá os criterios de homologación desas tipoloxías de bolsas, nos que incluírá os métodos de distinción axeitados tanto para as persoas usuarias como tendo en conta os servizos de recollida e xestión.

2. Para a colleita selectiva dos biorresiduos no contedor marrón utilizaranse bolsas compostabeis, o no seu caso, os sistemas alternativos que se desenvolvan a través de ordes e instrucións de servizo.

Artigo 29. Condicións, horarios de depósito dos residuos e frecuencia de recollida

Lístanse con carácter xeral, e non exhaustiva, condicións xerais para depósito e recollida, suxeitas ao que se perfeccione a través de ordes e instrucións de servizo específicas:

1. Os residuos de materia orgánica e fracción resto depositaranse en colectores/contedores ou achegaranse a outros sistemas de depósito establecidos polo Concello, no horario que se estableza nas ordes e instrucións de servizo. Os días 24 e 31 de decembro queda prohibido o depósito de residuos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. Non está suxeito a restrición de datas e horario, o uso de colectores cando se depositen neles os restos de varrido e limpeza viaria. Tampouco os que se depositen nas papeleiras sitas nos espazos públicos.

3. Dentro do eido da recollida en contedor, as embalaxes, previa separación dos diferentes materiais, cartón, plásticos, xornais ou similares, situaranse, debidamente encartados para a súa fácil e eficaz manipulación, no interior dos colectores/contedores establecidos. Prohíbese depositar fóra de tales recipientes as embalaxes, así como non dispor cada material no correspondente colector específico situado na vía pública.

4. Os obxectos de vidro, louza, lata e, en xeral, os constituídos por materias inorgánicas que poidan provocar feridas e danos ao persoal que os manexe, deberán ser depositados separados por fraccións, en forma que evite prexuízos e, atendendo a regulación específica que se determine.

5. As persoas usuarias utilizarán os colectores normalizados para cada fracción específica.

6. A frecuencia da recollida será a adecuada en todo o territorio, de xeito que en ningún caso se xerarán desbordamentos nos puntos de achega ou problemas de malos cheiros para a cidadanía.

7. A recollida de contedores da fracción orgánica efectuarase minimizando a repercusión do servizo na contorna, sen afectar ao uso do espazo público e limitando o ruído e os posibles efectos ambientais, nos horarios que se xustifiquen a través do contrato/programación dos servizos e se autoricen polo Concello. Naquelas zonas e lugares rurais con moi pouca densidade de poboación e naquelas que así se definan por circunstancias técnicas ou organizativas, a recollida efectuarase coa frecuencia e no horario específicos que en cada caso se estableza.

8. A recollida das fraccións de envases e embalaxes, papel e cartón e vidro será preferentemente diúrna e realizarase antes de que os contedores se enchan por completo, sendo a entidade xestora a responsable de programar a recollida en función das necesidades.

9. Nas zonas rurais a entidade xestora establecerá a vixilancia e o control necesario dos niveles de enchido dos contedores de envases e embalaxes, papel e cartón e vidro, coa finalidade de evitar desbordamentos dos materiais e os consecuentes prexuízos para veciñanza, organizando con esta información a periodicidade máis conveniente en cada caso, se for necesario.

10. En canto á recollida de voluminosos levarase a cabo mediante petición telefónica ao número telefónico de atención cidadán disposto polos servizos municipais ou polos medios telemáticos ou doutro tipo que se habiliten. Establecerase a frecuencia de recollida que considere máis oportuna para a prestación adecuada do servizo de forma que o tempo de espera máximo da persoa usuaria sexa de sete días. Porén, o servizo municipal recollerá todos os residuos desta categoría que se depositasen na beira dos contedores de recollida ordinaria (resto, envases e embalaxes, papel e cartón e vidro), aínda que non foran depositados como resultado dunha petición previa e sen prexuízo das sancións que podan incoarse de coñecer ao responsable de dito depósito irregular.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

11. As frecuencias de recollida de todas as fraccións deberán incrementarse na tempada estival se for necesario. Así, nas zonas urbanas do concello con elevado aumento da poboación estacional realizarase a recollida cunha frecuencia adaptada a cada fracción.

12. A recollida nos mercados municipais será específica. Os residuos situaranse en colectores/ contedores destinados a tal fin, preferentemente no interior dos devanditos edificios e nun recinto propio con acceso directo ao exterior. Estes colectores deberán encontrarse en perfecto estado de uso e limpeza, polo que deberán lavarse a lo menos unha vez por semana.

13. En canto sexa detectada a presenza de animais domésticos mortos na vía pública, ben por persoal dos servizos municipais, ben por persoal municipal ou ben a través de denuncia dos cidadáns, o servizo municipal procederá á súa retirada e limpeza inmediata no prazo máis breve posible. De envorcárense líquidos orgánicos procederase á desinfección do lugar.

14. Para actividades temporais ou provisionais e itinerantes (circos, feiras, festas das vilas, parroquias, núcleos e nas urbanizacións e similares) deberán dispoñerse dos colectores necesarios xunto á localización destas actividades e recoller os residuos que se produzan polo menos unha vez ao día e durante o espazo temporal da actividade, no modo que se determine na propia autorización destas actividades e por mor de que a recollida destes residuos se realice nas mellores condicións. Todo isto, sen prexuízo de que na autorización desas actividades esixa as contraprestacións económicas correspondentes se o servizo o presta o Concello, así coma o acompañamento doutros labores de xestión de residuos específicas a cargo dos respectivos promotores en razón á natureza das actividades a desenvolver e do tipo de residuos xerados.

CAPÍTULO III. FORMAS DE COLLEITA DOUTRAS FRACCIÓNS DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Artigo 30. Normas relativas aos residuos de aveños, móbeis e outros utensilios voluminosos

1. A fracción voluminosa inclúe aveños, móbeis, utensilios domésticos, colchóns, somieres, trastos vellos e outros materiais de refugallos similares que non poden ser evacuados por medios convencionais de recolección debido ao seu tamaño. Os residuos voluminosos non poden depositarse dentro dos contedores de residuos municipais.

2. Os seus propietarios poden transferilos directamente ao punto limpo municipal ou acollerse a unha colleita específica. As persoas poderán solicitar esta colleita desde un número de teléfono establecido para este fin ou medio telemático que se habilite e deberan axustarse aos horarios e a forma de depósito que se lles indique.

3. O abandono de residuos voluminosos ou o depósito fóra das condicións establecidas será sancionábel, sen prexuízo da repercusión aos que se demostren como responsables, dos custos da súa retirada.

4. Quedan excluídos desta colleita os residuos de construción, xa sexa de obras menores ou maiores que terán que ser entregados no punto limpo ou xestionados por xestor autorizado segundo corresponda.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 31. Colleita de voluminosos nos comercios

Os establecementos comerciais que venden mobles, colchóns, camas, armarios, mesas e outros afeitos similares, suxeitos á responsabilidade ampliada do produtor, deben ter un servizo para ofrecer aos seus clientes a retirada e xestión dos voluminosos substituídos consonte coa normativa vixente. Os servizos municipais de inspección e control poderán solicitar os datos sobre os residuos recollidos e o seu destino final.

Artigo 32. Normas relativas aos residuos de xardinería, pequenas hortas particulares e poda de residuos domésticos

1. Na fracción vexetal podemos distinguir dúas categorías, por unha banda, os residuos de xardinería e pequenas hortas particulares que inclúen restos de follas, flores, froitos, herba e ramaxe non leñoso ou leñoso de escaso diámetro (menor de 1 cm.) e, por outra, os residuos de poda que inclúe os restos da poda leñosa de árbores e arbustos de diámetros maiores. En ámbolos casos o seu destino será para facer composta.

2. Os residuos de xardinería e horta xestionaranse do seguinte xeito:

a) Cando nese área exista compostaxe local achegaranse aos composteiros nas cantidades máximas admitidas e da forma recomendada.

b) Nas áreas nas que os biorresíduos se recollan no contedor marrón, achegaranse a este nas mesmas condicións que os biorresíduos, é dicir, metidos en bolsas compostábeis pechadas e atadas, ou sistema alternativo que se desenvolva a través de ordes e instrucións de servizo.

3. Os residuos de poda leñosa terá que depositarse no punto limpo para a súa trituración con destino a estruturante, agás que se acorde entre a persoa xeradora de residuos e o Concello outro tipo de entrega ou xestión.

4. Os residuos vexetais, tanto de xardinería, da horta como de poda xerados en xardíns, zonas verdes e espazos públicos deberán incorporarse ao sistema de colleita e xestión da fracción vexetal establecido polo Concello. Non teñen esta consideración os residuos xerados nas parcelas do rural fóra das simples actividades de xardinería doméstica e hortas particulares; entre eles, os procedentes de actividades agrarias, forestais, desbroces, etc. que deberán xestionarse segundo a normativa reguladora.

Artigo 33. Normas relativas aos residuos de roupa usada, téxtiles e aceites de cocina usados

1. A fracción roupa usada e téxtiles, inclúe vestidos, roupa de casa e outros materiais téxtiles, así como calzado e accesorios de coiro ou material similar.

A roupa usada está destinada, como fin prioritario, a súa reutilización. As prendas ou partes delas que polo seu estado non poidan ser utilizadas deben ser valorizadas o máximo posíbel.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. A fracción de aceites de cocina usados, inclúen as graxas de orixe animal ou vexetal (aceites de oliva, de sementes de xirasol e outras, etc.) utilizados no cociñado de alimentos nos ámbitos doméstico, centros e institucións, hostalaría, restauración e análogos.

Deberán separarse na orixe e entregarse nos:

- contedores específicos para esta fracción.
- punto limpo
- outros circuítos habilitados, como entrega a xestor autorizado ou recepción en puntos que puideran formar parte da responsabilidade ampliada do produtor

Artigo 34. Colleitas específicas doutras fraccións de residuos

1. Páutase neste artigo a xestión dos residuos con colleitas específicas ou residuos perigosos procedentes de domicilios de manexo especialmente delicado, entre os que se atopan:

- medicamentos e xiringas utilizados no ámbito doméstico
- outro material médico domiciliario como radiografías
- baterías e acumuladores
- fluorescentes e lámpadas perigosas
- aparellos eléctricos e electrónicos
- restos de automoción como cubertas, pneumáticos, aceites minerais
- tintas, disolventes, pinturas
- vidros planos, laminados ou temperados
- restos de pequenas obras domiciliarias
- aceites de comida usados, que non se recollan en contedor

2. Estes residuos terán que separarse na orixe e poderán ser entregados en:

- punto limpo
- en puntos de achega ligados ás actividades económicas que vendan ou distribúan produtos do sector cando a normativa de aplicación imponha esa condición, pola responsabilidade ampliada do produtor.
- en puntos de achega ligados a actividades económicas e institucións que voluntariamente ou por condición establecida para a prestación polo servizo público teñan establecida a colleita.

3. Publicarase periodicamente ordes e instrucións de servizo coa relación concreta dos puntos de achega, Nelas se poderán fixar os distintivos a utilizar para unha fácil identificación deses puntos de achega, así como no seu caso as condicións específicas que apliquen sobre o depósito e colleita de determinado tipo de residuos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

35. Vehículos abandonados

1. As persoas que desexen desprenderse dun vehículo ao final da súa vida útil deberán entregalo a un centro de tratamento, consonte co establecido na normativa aplicable.

2. Queda absolutamente prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública ou nos espazos públicos, sendo responsabilidade da persoa propietaria, posuidora ou titular a adecuada xestión destes de acordo co disposto na normativa aplicable.

3. Enténdese abandonado o vehículo:

a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o movemento polos seus propios medios ou lle falten placas de matriculación ou sexan ilexibles.

b) Que fose dado de baixa do Padrón correspondente do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou se atope en situación de baixa administrativa definitiva e se atope depositado en vía pública ou espazo público.

c) Que presente unha clara aparencia de inutilidade ao fin que se lle destina, por danos, refugallo dos seus elementos integrantes, etc., así como aquel cuxo deterioro atente contra a seguridade e hixiene pública.

d) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

4. Nos supostos previstos na alínea 3. a) ou c) e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este para que no prazo de un mes retire o vehículo, coa advertencia, de que transcorrido devandito prazo, procederase á súa xestión como vehículo ao final da súa vida útil.

5. Non se considerarán abandonados os vehículos cuxa inmovilización estea decretada pola Autoridade Xudicial ou Administrativa, ou que se atopen denunciados por subtracción ante as Forzas e Corpos de Seguridade e o denunciante ou titular non teña coñecemento da súa aparición, sempre que lle conste esta circunstancia ao Concello. Este, non en entanto, poderá solicitar de dita Autoridade a adopción das medidas pertinentes para preservar a hixiene urbana.

6. Nos casos previstos de vehículos abandonados e con independencia das sancións que puidésemse impor, o Concello entregará o vehículo nun centro de tratamento para a súa xestión, debendo as persoas propietarias de vehículos abandonados, cando poidan ser identificadas, abonar os custos de colleita, entrega e, no seu caso, de xestión consonte á normativa aplicable.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 36. Retirada de vehículos abandonados

1. Sen prexuízo das previsións establecidas no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor, e de seguridade viaria ou norma que no futuro a substitúa, o Concello poderá proceder á retirada dos vehículos abandonados previa a súa declaración como residuo de competencia municipal consonte á normativa vixente en materia de residuos.

2. En condicións de perigo, salubridade ou orde pública provocada polo vehículo abandonado, procederase á retirada de forma inmediata polos servizos municipais con traslado ao Depósito Municipal de Vehículos.

Artigo 37. Excrementos

1. Como medida hixiénica ineludible, as persoas que acompañen a animais domésticos impedirán que estes depositen as súas defeccións en vías públicas, xardíns, paseos e, en xeral, en calquera lugar non especificamente destinado a estes fins.

2. En todo caso, a persoa que acompañe ao animal polo espazo público, estará obrigada a levar bolsa ou envoltorio adecuados para introducir as defeccións sólidas, así como proceder á limpeza inmediata e neutralización de outros restos líquidos e depositar os refugалlos resultantes en colectores para residuos orgánicos ou, na súa falta, en papeleiras, sen prexuízo do que estableza a normativa de protección e benestar animal.

3. O incumprimento do sinalado neste artigo será sancionábel, sendo responsable a persoa acompañante do animal así como aquela que figure como tutelar/propietario dese animal.

4. Quedan exonerados desta prohibición os cans guía das persoas invidentes para os que as persoas propietarias procurarán que os seus excrementos orixinen as menores molestias para as demais persoas.

Artigo 38. Colleita de cadáveres de animais domésticos**1. INCLUSIÓNS E EXCLUSIÓN.**

a) Serán considerados residuos municipais non ordinarios os cadáveres ou restos de animais de compañía, das especies canina e felina, así como doutras especies que vivan xeralmente no fogar como compañía das persoas residentes.

b) Quedan excluídos da presente ordenanza os cadáveres ou restos de animais mortos procedentes de actividades económicas, explotacións gandeiras, vacarizas, cortellos e currais de gando e aves; nestes casos, os seus propietarios ou posuidores están obrigados a xestionalos de conformidade co disposto na normativa autonómica correspondente.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. XESTIÓN DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS MORTOS.

A xestión dos cadáveres de animais domésticos realizarase con estrita suxeición á normativa vixente, ben a través de establecementos que presten ese servizo, ben a traveso do servizo municipal.

3. DISPOSICIÓN DOS RESIDUOS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS MORTOS.

a) Para a súa colleita, transporte ou eliminación, os cadáveres e restos de animais de compañía mortos deberán presentarse introducidos en bolsas de plástico resistentes, perfectamente pechadas e de tamaño suficiente para cubrir a totalidade do animal. Cada animal deberá ir nunha bolsa independente.

b) O servizo municipal poderá rexeitar algún cadáver ou resto se estimase que é necesario adoptar determinadas medidas de prevención atendendo á causa da morte ou ao número de días transcorridos desde a morte, ou en aplicación da normativa específica segundo o caso.

O réxime específico poderá ser matizado por ordes e instrucións de servizo.

A retirada e xestión polo servizo municipal poderá estar suxeito a taxas ou prestacións patrimoniais de carácter público específicos segundo o que se considere na definición das tarifas aplicables ao servizo municipal

4. TRATAMENTO DOS ANIMAIS MORTOS ABANDONADOS

a) Deberá comunicarse ao Concello o achado dun animal morto na vía pública.

b) Os animais mortos abandonados e recolleitos polo Concello serán eliminados consonte á normativa, independentemente das accións que se leven a cabo para a identificación das persoas propietarias/titoras e/ou determinar as súas responsabilidades na comisión dalgunha infracción.

5. PROHIBICIÓN XERAL

Con carácter xeral, queda prohibido o abandono de animais mortos, de calquera especie, na vía ou espazo público e en calquera clase de predios do termo municipal.

Artigo 39.- Réximes de colleita específica

1. Poderanse definir situacións nas que unha persoa produtora, posuidora ou xestor doméstico quede sometida a un réxime específico, en función da natureza e cantidade dalgunha das fraccións dos seus residuos e do grado de afectación ao servizo municipal. Estas situacións serán sempre motivadas ou sometidas a definición nas respectivas ordes e instrucións de servizo ou expediente tramitado ao efecto.

2. No caso da xestión municipal dos residuos sometidos a este réxime, poderán estar suxeitos a esquemas de colleita e a taxas específicas segundo a estimación do custo de xestión que



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

resulte desas circunstancias particulares, que deberán xustificarse de forma singularizada. Porén, poderase obrigar a ditos produtores de residuos domésticos a xestionar determinadas fraccións dos seus residuos de forma independente ao servizo municipal, de demostrarse de forma xustificada afectado o servizo pola xestión de ditas fraccións específicas. En dito caso non se aplicarán taxas que repercutan sobre as fraccións que resulten fóra do servizo municipal.

3. As fraccións de residuos municipais sometidas aos réximes estendidos de responsabilidade ampliada do produtor deberán depositarse e xestionarse segundo se determine neses réximes e, en función dos acordos e convenios que se establezan entre as entidades xestoras e o Concello para a súa integración nos puntos de achega e na xestión municipal, onde se regule a asunción dos custos correspondentes. Os residuos desa natureza cuxos puntos de achega sexan insuficientes poderanse depositar no punto limpo, sen que dito depósito elimine a responsabilidade ampliada do produtor, nin provoque unha alteración dos custos a soportar por cada un dos axentes involucrados.

CAPÍTULO IV . XESTIÓN DO RESTO DE RESIDUOS

SECCIÓN I. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DOS PRODUTORES E POSUIDORES

Artigo 40. Censo de actividades

1. As entidades e actividades produtoras ou posuidoras de residuos que non teñan a categoría de domésticos, establecidas no municipio que segundo a normativa vixente deban rexistrar a xestión dos seus residuos, deberán facilitar ao Concello de Pontevedra a comunicación e declaración destas actividades e o acceso aos rexistros destas actividades ligadas á xestión de residuos, por mor de garantir o exercicio das competencias municipais.

2. Nestes casos, as persoas titulares ou responsables destas actividades están obrigadas a facilitar todos os datos necesarios da súa actividade e a produción das diferentes fraccións de residuos e sistemas de xestión utilizadas para cada unha delas. O concello creará e actualizará un censo das actividades económicas de carácter terciario, industrial, de servizos e institucións do sector público xeradoras de residuos establecidas no municipio, que segundo a normativa vixente deban rexistrar a xestión dos seus residuos.

3. A fórmula para dita comunicación se determinará mediante ordes e instrucións de servizo, nas que se procurará en todo caso o acceso telemático aos rexistros públicos xa habilitados e a redución de traballos administrativos repetitivos.

Artigo 41. Persoas produtoras, posuidores e xestoras non adscritas ao servizo municipal

1. Con carácter xeral, calquera persoa posuidora de residuos non adscrito ao servizo municipal dentro do termo municipal, que estea obrigado á xestión dos seus residuos, total ou parcialmente, cun xestor autorizado, deberá gardalos dentro do establecemento e entregalos cando o xestor vaia recollelos.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Salvo autorización expresa e con carácter excepcional, non se permite o uso de vías públicas para o almacenamento temporal de residuos non adscritos ao servizo municipal. O Concello pode regular o calendario e as condicións de colleita destes residuos, así como outras cuestións que afecten á seguridade e calidade de uso dos espazos públicos.

2. As referidas persoas posuidoras así como as xestoras deberán comunicar ao Concello aos efectos desta ordenanza, o rexistro público no que estean dados de alta para a produción ou xestión de residuos e facilitar o acceso aos datos básicos para o seguimento desas actividades dende o punto de vista das competencias municipais e, en especial aquelas que afecten á calidade ambiental, seguridade e saúde, así como as condicións urbanísticas e de usos dos espazos públicos. A fórmula para dita comunicación se determinará mediante ordes e instrucións de servizo e comprenderá como mínimo os datos que permitan garantir a trazabilidade da xestión de residuos e demostrar cubertas de forma efectiva a responsabilidade respecto da produción, posesión e almacenamento, así coma a devandita xestión dos residuos.

3. Esta obriga de comunicación será independente do resto de obrigas de rexistro e información de actividades respecto da xestión de residuos que determina a normativa reguladora vixente e poderá facilitarse a través dos recursos telemáticos de interconexión para reducir a carga administrativa que se derive desa comunicación. Non están obrigados á comunicación regulada nesta ordenanza aquelas actividades de transporte que sexan de simple tránsito polo termo municipal.

4. En situacións de emerxencia declarada ou cando se produzan situacións inminentes de risco á seguridade pública ou ambiental que podan afectar de forma grave a contorna e as persoas, o Concello poderá suspender ata que se demostren regradas, as actividades que se presuman insidiosas, ata comprobar as autorizacións, permisos ou se confirmen as competencias e responsabilidades que concorran nestas actividades, así como tomar e executar as medidas forzosas e provisionais oportunas para corrixir e reverter os danos e riscos asociados, respectando, en todo caso, a competencia e responsabilidade definidas na normativa aplicábel e segundo un procedemento administrativo onde se dea audiencia a todos os interesados.

SECCIÓN II. SOBRE A XESTIÓN DOS RESIDUOS COMERCIAIS NON PERIGOSOS

Artigo 42. Residuos comerciais

1. Son os residuos xerados polo comercio polo miúdo ou polo xunto, hostalaría, bares, mercados, oficinas, servizos e sector público.

2. As actividades económicas e as institucións públicas están obrigadas á realización da colleita selectiva de acordo coas fraccións establecidas nesta Ordenanza. O Concello pode establecer inspeccións para verificar a calidade e cantidade da separación.

3. Os residuos comerciais non perigosos serán xestionados como residuos municipais, adscritos ao servizo municipal, cando tales residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Presumirase dita xestión municipal como opción por defecto, por ser máis eficiente ao acumular economías de escala na recollida e xestión dos residuos polo miúdo e aplicábel agás naqueles casos onde as persoas produtoras ou posuidoras podan demostrar a súa mellor xestión por canles alternativos á xestión municipal.

O produtor inicial ou outro posuidor de este tipo de residuos, deberá separalos en orixe e entregalos nos termos que establece a presente ordenanza e segundo se perfeccione polas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan.

Estes residuos comerciais non perigosos achegaranse segundo se prescribe no capítulo III, a salvo das excepcións que polo tipo de achega e características específicas das persoas produtoras ou posuidoras sexan aplicables e perfeccionadas a través de ordes e instrucións de servizo.

A correspondente ordenanza reguladora adecuará a taxa aos custos que se orixinen coa xestión de residuos destes produtores.

4. As actividades xeradoras de residuos comerciais deberán axustarse ao que determine a normativa reguladora en materia de responsabilidade ampliada do produtor; deberán aceptar a entrega de residuos de produtos de tipoloxía análoga aos que se vendan ou distribúan para a súa re-utilización ou reciclaxe nas distintas fraccións dos residuos nos que a normativa sobre a responsabilidade ampliada do produtor así o determine.

As actividades xeradoras de residuos comerciais, sexan perigosos ou non, estean ou non adscritas ao servizo municipal, deberán garantir condicións óptimas para a xestión dos residuos xerados en cada actividade. A autorización das licenzas urbanísticas e títulos habilitantes de natureza urbanística e de actividade deberán atender á habilitación de espazos específicos para a disposición de contedores no interior dos recintos onde se emprace cada actividade, para as distintas fraccións previstas e coa capacidade suficiente segundo o modelo de xestión que utilice o produtor, minimizando, en todo caso, as afeccións ao sistema de colleita na vía pública.

5. Establécese un seguimento específico para as persoas produtoras de residuos comerciais non perigosos que, adscritos ao servizo municipal, afecten ou podan afectar a dito servizo, pola natureza, composición, volume, etc., dos seus residuos. O seguimento de ditos produtores singulares farase segundo as condicións establecidas no punto 6 deste mesmo artigo.

Presumirase esas condicións de afección e singularidade para todos os produtores que superen as 3 tn/mes de residuos na suma de tódalas súas fraccións e, en todo caso, naqueles casos que se desenvolvan e xustifiquen a través de ordes e instrucións de servizo.

Neses casos o Concello poderá obrigar á persoa produtora a que a totalidade ou parte dos residuos xerados como produtor singular sexan xestionados polo propio suxeito produtor, a través dun xestor autorizado para as fraccións excluídas do servizo municipal.

Reciprocamente, se un suxeito produtor xustifica de forma motivada a mellor xestión dos seus residuos comerciais non perigosos ou fracción destes, fóra da xestión municipal, poderáselle



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

autorizar expresamente á xestión diferenciada destes, sempre que non se afecte a eficacia, eficiencia e viabilidade do servizo municipal.

a) A colleita das persoas produtores singulares, de residuos comerciais non perigosos adscritos ao servizo municipal que afecten ou podan afectar a dito servizo, realizarase coas condicións reguladas nesta ordenanza, singularizadas segundo un documento que programe a prevención e xestión deses residuos que deberá presentar o produtor para ser validado polo Concello. O programa cumprirá os obxectivos respecto das distintas fraccións definidas na ordenanza, minorando as achegas de residuos e fraccións ás canles de recollida municipais e adecuándose a estas; incluíndo medidas proporcionadas que permitan aceptar a entrega de residuos de produtos de tipoloxía análoga aos que se vendan ou distribúan para a súa re-utilización ou reciclaxe. En dito programa a persoa produtora priorizará a recollida selectiva propia orientada ás canles de prevención e/ou reciclaxe establecidas e tendo en conta as do propio servizo municipal, así como favorecerá a colleita de residuos específicos derivados da súa actividade que pola súa natureza non teñan canle de colleita recoñecida ou daqueles residuos que permitan evitar as achegas que puideran derivar ao punto limpo municipal e estean relacionadas coa actividade desenvolta polo produtor. As condicións específicas aplicables serán homoxéneas segundo as distintas actividades produtoras e serán desenvoltas e xustificadas a través de ordes e instrucións de servizo.

b) A colleita e xestión dos produtores singulares, de residuos comerciais non perigosos non adscritos ao servizo municipal, deberá realizarse segundo un documento que programe a prevención e xestión de residuos, elaborado pola persoa produtora, que cumpra os obxectivos de prevención e reciclado nas distintas fraccións que se xestionen fóra do servizo municipal e de acordo coa normativa de aplicación e esta ordenanza.

6. As persoas produtoras, posuidoras e xestoras de residuos comerciais non adscritos ao servizo municipal quedan obrigadas á comunicación das súas actividades, no sentido regulado nos artigos 40 e 41, sen menoscabo do resto de obrigas que apliquen segundo a normativa sectorial e esta ordenanza.

As persoas produtoras singulares de residuos comerciais non perigosos non adscritos ao servizo municipal e aquelas adscritas que se consideren que afecten ao servizo segundo o previsto no punto 5 anterior, deberán achegar ademais unha programación da prevención e no seu caso xestión de residuos acorde coa estrutura que se aprobe para o programa municipal, que será obxecto de informe e aprobación do Concello e cuxa información e seguimento se incorporará á de dito programa municipal, segundo se regula no artigo 18 desta ordenanza.

En todo caso as persoas produtoras de residuos comerciais non perigosos non adscritos ao servizo municipal, que xeren máis de 10 tn/ano de residuos, deberán manter coordinado co anterior un arquivo cronolóxico, segundo o disposto no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril ou norma que no futuro a substitúa, que será obxecto de seguimento dentro dos programas municipais.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 43. Xestión dos residuos xerados nos mercados municipais e obrigas dos titulares dos postos

1. O servizo municipal de xestión de residuos encargase dos residuos domésticos e comerciais asimilados xerados tanto en mercados municipais permanentes como ocasionais.

2. As persoas titulares dos postos están obrigadas a entregar estes residuos nas condicións establecidas nesta ordenanza e nas instrucións do servizo e a utilizar os sistemas establecidos para cada un dos mercados.

Artigo 44. Residuos industriais

1. Son residuos industriais os así definidos pola normativa xeral e sectorial sobre residuos.

2. Aos efectos da presente ordenanza tamén teñen a categoría de residuos industriais os que, a pesares de poderen ser asimilábeis a residuos domésticos se desenvolvan dentro das propias actividades de tipo industrial e terciarias non comerciais e polas súas condicións de presentación, volume, peso, cantidade diaria, picos de xeración, contido de humidade ou outras características non poden ser xestionados polo servizo municipal.

3. A xestión dos residuos industriais rexérase pola súa normativa específica. O Concello poderá facer un seguimento en función das súas competencias e, en especial, aquelas que afecten á calidade ambiental, seguridade e saúde, e condicións urbanísticas e de uso do espazo público.

4. O Servizo Municipal só xestionará os residuos asimilables a domésticos ou comerciais non perigosos accesorios, pero que non conformen a actividade industrial ou terciaria, como por exemplo os residuos de comedores, de zonas de estancia, de usos administrativos, etc.

5. Compete a cada industria a xestión dos seus residuos industriais, ou refugallos derivados da súa actividade xenuína, a cuxos efectos está obrigada a constituír depósitos propios e a proceder á súa xestión, consonte co disposto na Lei 7/2022, de 8 de abril, sen prexuízo de cumprir as condicións específicas que se regulan nesta Ordenanza e nas instrucións de servizo que a desenvolvan, por exemplo en cuestións de tenencia de contedores sobre predios privados, limpeza, verteduras, etc.

6. Os xestores de residuos industriais quedan obrigados á comunicación das súas actividades, no sentido regulado nos artigos 40 e 41, sen menoscabo do resto de obrigas que apliquen segundo a normativa sectorial e esta ordenanza.

*SECCIÓN III. OUTROS RESIDUOS***Artigo 45. Residuos sanitarios**

1. Enténdese por actividades sanitarias produtoras de residuos sanitarios as desenvolvidas en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros socio-sanitarios, laboratorios de análises clínicas, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar,



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

centros podolóxicos e calquera outra que teña relación coa saúde humana. Inclúense tamén as correspondentes a centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.

2. De conformidade coa clasificación destes residuos ao abeiro da actual normativa galega, Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, os residuos de CLASE I serán considerados domésticos a efectos da súa xestión a través do servizo municipal, sempre que se podan asimilar a domésticos e non afecten ao servizo municipal.

3. Os residuos sanitarios pertencentes ás CLASES II, III e IV deberán ser directamente xestionados polos seus produtores ou posuidores a través dos correspondentes xestores autorizados, segundo se regule pola normativa sectorial.

4. Os centros produtores, posuidores e xestores de residuos sanitarios deberán comunicar a súa actividade segundo as condicións establecidas nos artigos 40 e 41 desta ordenanza, sen menoscabo do resto de obrigas que apliquen segundo a normativa sectorial e esta ordenanza.

*CAPÍTULO V. RECOLLIDA DE RESIDUOS ESPAREXIDOS EN ESPAZOS PÚBLICOS:
LIXO DISPERSO.*

Artigo 46. Obxecto da recollida.

O obxecto deste capítulo refírese á recollida do lixo disperso e limpeza viaria, residuos dispersos non depositados nos lugares designados para iso e que acaban abandonados en espazos naturais ou urbanos, requirindo dunha operación de limpeza ordinaria ou extraordinaria para restablecer a súa situación inicial.

Como regra xeral, a salvo doutras actuacións puntuais comprende:

- a) A limpeza e varrido dos bens de uso público sinalados no artigo seguinte.
- b) O baldeo destes bens.
- c) O baleirado das papeleiras e demais aveños destinados a este fin.
- d) A recollida e transporte dos residuos procedentes desta limpeza.

Artigo 47. Ámbito material

1. Corresponde á competencia municipal a efectos desta ordenanza a limpeza dos espazos de dominio público municipal destinados ao uso público así como os de servizo público ou de carácter patrimonial municipal mentres permanezan abertos ao uso público.

2. Os espazos de titularidade privada de persoas físicas ou xurídicas ou os de titularidade doutras administracións ou entidades do sector público non municipal abertos a uso público, deberán limparse e conservarse polos seus respectivos titulares, agás que, polo seu uso público se, determine expresamente a competencia municipal por convenio, previsión do planeamento,



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

do instrumento de equidistribución, condición do título habilitante municipal de natureza urbanística, título adquisitivo do uso ou acordo ou acto administrativo semellante.

3. Aos efectos previstos nesta ordenanza, estarán baixo competencia municipal a limpeza de espazos de uso público municipal, como os camiños, prazas, rúas, avenidas, beirarrúas, parques, xardíns e zonas verdes, zonas terrizas, pontes, túneles, sendas peonís espazos libres de uso público e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación ou policía sexa competencia municipal.

4. Son de carácter privado e, por tanto, de responsabilidade particular a limpeza e conservación das urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, soares e terreos de propiedade particular, galerías comerciais, zonas verdes privadas e similares, calquera que sexa o título dominical ou posesorio ou o réxime de propiedade ou posesión con que se ostenten, aínda que estean abertas a un uso público. Nestes casos, poderán asinarse convenios específicos para adscribir á xestión municipal a limpeza deses espazos si se xustificara en función do seu uso público local, libre e aberto.

5. Así mesmo, quedan exceptuados do réxime previsto na alínea 1 deste artigo os terreos que, aínda sendo de propiedade municipal, estean sometidos a un uso común especial ou a un uso privativo por particulares ou doutras Administracións Públicas ou Entidades Públicas ou privadas, previas as oportunas licenzas e concesións, respectivamente. Nestes casos a competencia da limpeza do espazo correspóndelle á persoa titular da concesión ou do uso común especial.

Artigo 48 Competencias na materia.

1. A prestación do servizo municipal pautado neste capítulo realizarase de acordo coas súas propias normas de organización, cos criterios de maior eficacia e celeridade na prestación e segundo se regule a través de ordes e instrucións de servizo en desenvolvemento desta ordenanza. Os contratos que se tramiten para a prestación externa deste servizo deberán ser compatibles con dita normativa reguladora.

2. A prestación do servizo a cargo de privados e entidades recollidos nos casos 4 e 5 do artigo 47, realizarase atendendo ás condicións establecidas no título III da presente ordenanza, ao resto da normativa reguladora e á específica que garanta a salubridade e ornato público. En caso de incumprimento destas obrigas o Concello poderá acudir ás medidas de execución forzosa previstas na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de exercitar a potestade sancionadora que se desenvolve nesta ordenanza.

Artigo 49. Actividades prohibidas.

QUEDA PROHIBIDO:

a) Con carácter xeral calquera actividade/acción pola que poida resultar afectado ou resulte afectado o ámbito material da recollida de lixo e limpeza viaria e de espazos de uso público, no relativo aos niveis de limpeza esixibles en aplicación desta ordenanza e polos que se poida



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

prexudicar ou restrinxir o normal uso público dos espazos físicos que configuran dito ámbito material.

b) En concreto, e a título enunciativo e non exhaustivo, prohíbense as seguintes actividades que representan as infraccións mais recorrentes na materia:

1. Depositar residuos, calquera que sexa o seu estado, en embornais, foxos de árbores, calzadas, beirarrúas e demais espazos públicos.

2. Depositar residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares fóra das papeleiras ou contedores instalados ao efecto.

3. Botar cabichas ou similares e outras materias acesas nas papeleiras ou colectores que, no seu caso, deberán depositarse unha vez apagados.

4. Realizar verteduras de auga ou calquera tipo de material residual sobre a vía pública ou sobre os seus elementos.

5. Deixar residuos procedentes de animais en espazos públicos.

6. Lavar e/ou reparar vehículos en espazos públicos ou cambiar o aceite e outros líquidos.

7. Abandonar vehículos na vía pública ou en calquera espazo público ou privado, obviando a súa correcta xestión e baixa administrativa.

8. A colocación de elementos publicitarios ou a realización de campañas publicitarias sen a correspondente autorización municipal, incluído o reparto ou distribución xeral de boletíns ou folletos e a colocación de pancartas, soportes ou carteis temporais visibles dende os espazos públicos; e das que deriven maiores residuos, maior esforzo en limpeza viaria, ou demérito do ornato de ditos espazos.

9. Depositar restos de poda ou xardinaría en xeral en espazos públicos.

10. Tirar na vía pública toda clase de produtos, sólidos ou líquidos, polos transeúntes e as persoas usuarias de vehículos, xa estean estes en marcha ou detidos, así como desde os inmobles.

11. Cuspir e realizar necesidades fisiolóxicas en espazos públicos.

12. O abandono de residuos en terreos públicos ou privados producidos en zonas de baño, acampadas, excursións, romarías e outras similares.

13. A produción de danos a bens de dominio público afectos a calquera das competencias ou servizos en materia de limpeza pública.

14. Pintadas, adhesivos e graffiti en pavimentos, mobiliario urbano, fachadas e outros elementos.

15. Calquera outra actividade que contraveña os preceptos establecidos nesta ordenanza ou normativa de superior rango.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

As infraccións enumeradas serán consideradas segundo se desprenda da tipificación realizada no título III desta ordenanza.

CAPÍTULO VI. PUNTO LIMPO

Artigo 50. Definición de punto limpo.

1. Para os efectos da presente Ordenanza enténdese por punto limpo a instalación autorizada, pechada e controlada, baixo responsabilidade do Concello, para a colleita selectiva e separada e almacenamento temporal de residuos de competencia municipal que, polo seu gran volume ou perigo, deben ser depositados en instalacións específicas.

2. Constitúe un desenvolvemento do sistema de colleita selectiva sendo un centro de recepción, almacenaxe temporal no ámbito da recollida e selección. En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

3. O sistema de colleita a través do punto limpo ten como obxectivo último previr as consecuencias negativas que poidan xerar por si estes residuos, coñecidos coma “perigosos do fogar”, así como servir os cidadáns como centro de achega voluntaria para a colleita selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.

4. Tamén responden a unha serie de obxectivos secundarios:

- a. Evitar a vertedura incontrolada dos residuos de gran tamaño que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais de colleita de lixo.
- b. Evitar a vertedura de escombros e outros no medio natural, rural e urbano do territorio.
- c. Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos domésticos que poden ser reciclados directamente e conseguir así un aforro en materiais e de enerxía, así como tratar ou eliminar residuos.
- d. Evitar a mala xestión de residuos domésticos específicos que non teñen un circuíto de recollida ou de residuos domésticos perigosos.

5. O punto limpo estará xestionado polo servizo de xestión de residuos municipais, sempre coa supervisión do Concello, sexa cal sexa a modalidade de xestión.

6. O punto limpo abrirá un mínimo de cinco días á semana en xornadas de mañá e/ou tarde, no horario prefixado que se porá en coñecemento de todos os usuarios polos medios oportunos.

7. Os servizos que presta o punto limpo son:

- a. Recepción de residuos previamente clasificados pola persoa usuaria para o seu posterior transporte ás instalacións axeitadas para o seu tratamento.
- b. Control dos residuos que se depositan



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

c. Mantemento e xestión das instalacións pertencentes ó punto limpo.

8. A prestación do servizo para os seus usuarios se realizará sen recargo diferenciado e dentro da taxa ou prestación patrimonial de carácter público que se estableza para o servizo de recollida.

Artigo 51. Persoas usuarias e obrigas

1. Son persoas usuarias do punto limpo as que forman parte da veciñanza do concello de Pontevedra que queira depositar os seus residuos domiciliarios de xeito selectivo.

2. O punto limpo é un servizo deseñado para xestionar residuos domésticos procedentes dos fogares particulares, nunca residuos industriais ou de actividades produtivas ou institucionais.

3. Está tamén permitido que o usen os produtores e posuidores de comerciais non perigosos adscritos ao servizo municipal, é dicir, os pequenos produtores de residuos considerados pola normativa vixente coma domésticos, isto é, pequeno comercio, oficinas e servizos con residuos asimilables a domésticos. Inclúense tamén os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, así como os escombros e residuos de obras menores de construción e reparación domiciliaria; en todo caso, suxeito ao que se regule nas instrucións do servizo en desenvolvemento desta ordenanza.

4. O punto limpo estará a disposición daquelas persoas usuarias que, en todo caso, acheguen volumes de residuos que non superen os valores prefixados.

5. Non está permitida a súa utilización para outros residuos distintos aos domésticos e aos comerciais non perigosos adscritos ao servizo municipal. Ditos residuos deberán xestionarse de acordo coa normativa vixente, en especial, os residuos perigosos. Tampouco por extensión, os xerados por persoas posuidoras ou produtoras que non estean adscritos á xestión municipal.

6. En calquera caso a entrega dos residuos especiais no punto limpo non exime ás actividades xeradoras de residuos diferentes dos domicilios do cumprimento das súas obrigas de xestión a través de xestores autorizados e da posesión dos documentos acreditativos da súa entrega, conforme ó disposto na normativa.

7. En ningún caso no punto limpo se lles proporcionará ás persoas usuarias xustificantes de entrega.

8. Non está permitido fumar nas instalacións do punto limpo.

Artigo 52. Residuos admisibles e non admisibles

1. Son residuos admisibles no punto limpo os seguintes:

- a. Vidro de calquera tipo
- b. Papel e cartón



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

- c. Briks
 - d. Latas e envases
 - e. Madeira
 - f. Metais (aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inoxidable e outros)
 - g. Plásticos
 - h. Têxtil
 - i. Electrodomésticos
 - k. Utensilios voluminosos do fogar, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas, marcos e outros.
 - l. Entullos de pequenas reparacións no fogar
 - m. Pneumáticos xerados por particulares
 - n. Teléfonos móbiles, ordenadores, televisores, frigoríficos e residuos de aparellos eléctricos e electrónicos en xeral.
 - o. Aceites vexetais de cociña e aceites minerais
 - p. Baterías de automóbil
 - q. Disolventes
 - r. Pilas
 - s. Sprays/aerosois
 - t. Radiografías
 - u. Fluorescentes
 - v. Pinturas.
 - w. Podas e segas de xardinaría ou pequenas hortas particulares
2. Son residuos non admisibles no punto limpo os que se relacionan deseguido:
- a. Materiais sen clasificar
 - b. Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios, entre outros
 - c. Residuos radioactivos
 - d. Residuos industriais de empresas
 - e. Residuos agrícolas, gandeiros ou forestais



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

- f. Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas
 - g. Medicamentos e os seus envases
 - h. Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos
 - k. Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles e que sexa facilmente identificable.
3. Os residuos deberán entregarse e xestionarse separados, nunca mesturados.
4. A tipoloxía dos residuos sinalada poderá ser modificada polo Concello en función de novas normativas, da funcionalidade do servizo ou de novas técnicas de xestión do servizo de residuos.

Artigo 53. Funcionamento e xestión

Aplicarase con carácter xeral os seguintes criterios, sen menoscabo do seu perfeccionamento a través de ordes ou instrucións de servizo,

1. O traslado ata o punto limpo correrá a cargo da persoa produtora ou posuidora dos residuos
2. Antes de proceder á entrega dos residuos, cada persoa usuaria deberá declarar o contido do que quere entregar, co fin de realizar un control. O persoal operario do centro, tendo en conta a carga declarada e lista de residuos admisibles, indicará a súa aceptación ou rexeitamento. As persoas usuarias do punto limpo deberán seguir as indicacións do persoal operario do centro.
3. No punto limpo só se poden depositar os residuos nas cantidades estipuladas nesta ordenanza ou nas ordes e instrucións de servizo que a desenvolvan.
4. O depósito de residuos será realizado pola propia persoa usuaria das instalacións nos contedores que lle indique o persoal operario. Para que o depósito sexa correcto é necesario que as persoas usuarias acheguen os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada un deles.
5. O persoal encargado/operario do punto limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de xeito acertado e non se atopan mesturados con outras fraccións, especialmente con residuos perigosos, tendo a capacidade de rexeitamento do depósito dos residuos. Tamén se efectuará unha inspección sistemática e visual en todos aqueles contedores para evitar o depósito de residuos líquidos onde non proceda.

Artigo 54. Rexistro

1. O Concello, a través da entidade xestora, creará un rexistro de entrada no punto limpo. Todas as operacións de depósito de residuos no punto limpo serán rexistradas obrigatoriamente.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. Deberá quedar constancia dos datos persoais da persoa usuaria, dos datos referentes ó residuo entregado e, de ser o caso, de estar ao corrente do pagamento da taxa de xestión de residuos ou prestación patrimonial de carácter público non tributario equivalente.

3. Todos os datos quedan sometidos ás normas reguladoras de protección de datos de carácter persoal sen que poidan ser empregados para outros fins que non sexan os propios do servizo.

4. A reiteración na utilización do punto limpo levará unha análise por parte dos técnicos municipais co fin de determinar a utilización adecuada do depósito de residuos e que non se xestionen a través deste servizo municipal residuos non autorizados.

5. Non se expedirá á persoa usuaria comprobante dos residuos entregados, sen prexuízo de que se poda facilitar a consulta personalizada destes a través de ferramentas de transparencia telemáticas.

Artigo 55. Destino final dos residuos

1. Os residuos admitidos no punto limpo serán xestionados segundo indique a normativa vixente e do xeito máis adecuado, dependendo da natureza destes.

2. Os residuos tóxicos e perigosos cederánselle a un xestor autorizado previo documento de aceptación.

3. O transporte de residuos realizarao un transportista rexistrado e inscrito no Rexistro de transportistas de residuos perigosos

4. O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos nas infraestruturas, no mobiliario ou nas instalacións e o abandono de residuos na entrada do punto limpo sancionárase de acordo coa lexislación vixente e co determinado nesta ordenanza.

Artigo 56. Cantidades máximas a depositar

1. As cantidades máximas que se pode depositar neste sistema de punto limpo, por cada persoa usuaria, son:

- a) Residuos perigosos do fogar (disolventes, pinturas, sprays, radiografías, termómetros): 5 unidades de cada tipoloxía ao mes
- b) Fluorescentes: 4 unidades ao mes
- c) Mobles e utensilios do fogar (colchóns, somieres, mesas, cadeiras, andeis): 2 unidades de cada tipoloxía ao mes
- d) Electrodomésticos (frigoríficos, lavadoras): 1 unidade de cada tipoloxía cada semestre
- e) Móviles, ordenadores e aparellos eléctricos e similares: 1 unidade de cada tipoloxía cada semestre.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

- f) Entullos de obras menores domiciliarias: 4 sacos ao ano. Para os efectos deste regulamento enténdese por saco aquel que pode ser cargado por unha única persoa sen axuda.
 - g) Residuos de podas e segas domésticas: máximo mensual de 2.160 litros, o equivalente a 6 contedores de materia orgánica de 360 litros. Por enriba desta cantidade será obriga da persoa produtora a contratación dun xestor autorizado para este tipo de residuo.
 - h) Pilas, acumuladores e baterías: sen límite.
 - i) Baterías de automóviles: 1 unidade ao ano, por vehículo en propiedade
 - j) Aceite vexetal de cociña: 10 litros ao mes
 - k) Aceite de automóviles: 10 litros ao ano por vehículo en propiedade (poderá esixirse que se demostre non poder xestionarse a través da responsabilidade ampliada do produtor)
 - l) Filtros de aceite: 2 unidades ao ano por vehículo en propiedade (poderá esixirse que se demostre non poder xestionarse a través da responsabilidade ampliada do produtor)
 - m) Pneumáticos: 2 unidades ao ano por vehículo en propiedade (poderá esixirse que se demostre non poder xestionarse a través da responsabilidade ampliada do produtor)
 - n) Palés de madeira: 2 unidades ao ano
 - o) Roupas e téxtiles: 2 bolsas ao trimestre
2. A listaxe e cantidades poderá ser modificada por unha orde ou instrución de servizo en desenvolvemento desta ordenanza.
3. Distintas persoas usuarias dun único suxeito obrigado serán considerados como o mesmo usuario.
4. Non se admitirá o fraccionamento da entrega en caso de resultar dunha mesma procedencia, se o fraccionamento responde a evitar os límites das cantidades previstas neste artigo. A interpretación deste fraccionamento queda baixo competencia da xestión do servizo municipal sen prexuízo das reclamacións aos que as persoas usuarias teñan dereito en aplicación da normativa reguladora.

Artigo 57. Punto limpo móbil

Coas mesmas finalidades do punto limpo fixo, o Concello poderá implantar o servizo de punto limpo móbil para o que difundirá as súas paradas, horarios e características específicas de funcionamento, así como as diferenzas de xestión que puideran existir respecto ao punto limpo fixo.



*CAPÍTULO VII . TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS***Artigo 58 Tratamento de residuos municipais**

1. A xestión de biorresiduos realizarase mediante a compostaxe local e, para a fracción recollida en contedor, nunha planta de compostaxe, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa vixente.

2. O resto de fraccións de residuos trasladarase ás plantas de procesamento e tratamento ou ás estacións de transferencia como paso intermedio, segundo os casos. Derivaranse en todo caso a xestores autorizados, debéndose acreditar a trazabilidade da xestión integral dos residuos.

3. Calquera transferencia de residuos entre xestores deberá quedar rexistrada para poder conseguir a trazabilidade dos residuos municipais. Queda fóra desta medida o depósito dos particulares e comercios adheridos ao servizo no sistema de contedores, onde en todo caso tamén queda habilitada a posibilidade de dito rexistro, se o sistema de colleita o permitise, por exemplo, mediante un sistema de chave electrónica ou métodos similares e fora necesario o seguimento das achegas.

Artigo 59. Reciclaxe e tratamento das diferentes fraccións dos residuos municipais

1. Co obxectivo de pechar o ciclo e a súa xestión en proximidade previsto no artigo 9 da vixente Lei de residuos estatal, os residuos orgánicos biodegradables destinaranse á transformación en compost apto para a súa aplicación nas hortas, xardinería e na agricultura como fertilizante orgánico. Prioritariamente realizarase mediante compostaxe local e, no que non sexa posible, mediante compostaxe nunha planta de tratamento que deberá preverse e xestionarse con criterios de proximidade.

2. As técnicas de xestión para todas as fraccións poderán variar en función de novas técnicas dispoñíbeis, nova normativa sobre a xestión dos residuos, novas instalacións de xestión e reciclaxe de residuos ou calquera outra circunstancia que así o aconselle.

*TÍTULO III. VIXILANCIA, INSPECCIÓN, CONTROL E POTESTADE SANCIONADORA**CAPÍTULO I . VIXILANCIA, INSPECCIÓN E CONTROL***Artigo 60. Órganos competentes**

A inspección, vixilancia e control do cumprimento da normativa en materia de residuos e, particularmente, desta ordenanza corresponde ao Concello no ámbito das súas competencias a través dos órganos municipais que a teñan atribuídas.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 61. Servizos de inspección e vixilancia

1. As funcións de vixilancia e inspección ambiental do Concello relativas ao cumprimento da presente ordenanza serán levadas a cabo pola policía local e por persoal funcionario debidamente habilitado.

O devandito persoal terá a condición de axente da autoridade e estará facultado para acceder, previa identificación e sen necesidade de aviso previo, ás instalacións e lugares nos que se desenvolvan as actividades reguladas por esta ordenanza e realizar cantos exames, controis, toma de mostras e colleita de información, estimen oportunos, así como para recoller os feitos constatados en actas, que gozarán de presunción de certeza a efectos probatorios. Todo isto sen prexuízo do cumprimento do respecto á inviolabilidade do domicilio e das autorizacións xudiciais que se requiran nos casos sinalados na lexislación vixente.

2. Para o desenvolvemento das súas funcións, o persoal inspector poderá ir acompañado de persoal de asesoramento técnico debidamente identificado e autorizado por quen sexa titular do órgano do que dependan os servizos de vixilancia e inspección, que en ningún caso exercerán funcións como axentes da autoridade nin gozarán das potestades inherentes a tal condición. Este persoal asesor estará obrigado a gardar segredo respecto dos datos e informacións de que tivese coñecemento no exercicio destas funcións.

Artigo 62. Inspección

1. No ámbito territorial do Concello, as persoas, as actividades económicas e asistenciais, así como o sector público, que sexan potencial ou efectivamente xeradores ou posuidoras, ou xestionen residuos estarán suxeitas ás inspeccións periódicas ou esporádicas que os órganos competentes estimen necesarias para comprobar se se compren os requisitos fixados nesta ordenanza e na normativa de aplicación. Tamén están suxeitas á obriga de comunicación das súas actividades de acordo co disposto nesta ordenanza, que poderán ser obxecto de verificación nas actividades de inspección que se deriven.

2. Os titulares das actividades económicas e asistenciais e o sector público que sexan persoas produtoras ou posuidoras de residuos están obrigados a prestar toda a colaboración requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, incluída a posta a disposición de calquera documentación relacionada co exercicio da actividade.

3. As inspeccións das operacións de colleita e transporte cubrirán a orixe, a natureza, a cantidade e o destino dos residuos recollidos e transportados.

CAPÍTULO II . RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR**Artigo 63. Potestade sancionadora**

1. As accións ou omisións que supoñan o incumprimento do establecido nesta ordenanza darán lugar a responsabilidade de natureza administrativa.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. Corresponderá ás autoridades locais a potestade sancionadora polas infraccións que se deriven de incumprimentos na xestión de residuos respecto do regulado nesta ordenanza, polo abandono, vertedura ou eliminación incontrolada dos residuos cuxa colleita e xestión corresponde ás entidades locais, así como as infraccións relativas ao depósito ou entrega de residuos sen cumprir as condicións previstas nesta ordenanza, polo incumprimento das obrigas de comunicación ou entorpecemento ou non colaboración co seguimento e control municipal establecido nesta ordenanza.

3. A potestade sancionadora corresponderá á autoridade municipal, con observancia das regras sobre tipificación das infraccións polas entidades locais establecidas nos artigos 139 e 141 da Lei de bases do réxime local en defecto e sen prexuízo do resto das responsabilidades e competencias que se desprendan en aplicación da normativa sectorial ou as que puideran esixirse na vía civil ou penal.

Artigo 64. Persoas responsables

1. Os residuos terán sempre un responsable do cumprimento das obrigas que derivan da súa produción e xestión, calidade que corresponde á persoa produtora ou a outra persoa posuidora inicial ou xestora, nos termos previstos na lei e nas normas de desenvolvemento. Estes suxeitos poderán exercer accións de repetición cando os custos en que incorresen deriven dos incumprimentos legais ou contractuais doutras persoas físicas ou xurídicas.

2. A responsabilidade dos produtores ou outros posuidores iniciais de residuos domésticos e comerciais non perigosos que realicen a xestión dos seus residuos a través do servizo municipal, conclúe cando os entreguen nos termos previstos nesta ordenanza e no resto da normativa aplicable. A responsabilidade dos demais produtores ou outros posuidores iniciais de residuos, especialmente dos produtores que xestionen parte ou todas as fraccións dos seus residuos con xestores non municipais, conclúe cando os entreguen a un negociante, xestor ou empresa ou entidade de tratamento autorizada sempre que a entrega sexa acreditada documentalmente e se realice cumprindo os requisitos normativamente esixidos.

3. Consonte co principio de responsabilidade ampliada das persoas produtoras as normas que regulen fluxos específicos de residuos poderán determinar que a responsabilidade da organización da xestión de residuos competerá total ou parcialmente á persoa produtora orixinaria da que proceden os residuos e que os distribuidores do devandito produto poderán compartir a dita responsabilidade. A responsabilidade ampliada das persoas produtoras aplicarase sen prexuízo da responsabilidade da xestión de residuos establecida nesta ordenanza.

Artigo 65. Responsabilidade administrativa

1. Poderán ser sancionadas polos feitos constitutivos das infraccións administrativas recollidas neste capítulo as persoas físicas ou xurídicas que os cometan ou permitan cometelas mediando dolo culpa ou negligencia grave, consonte co establecido nesta ordenanza e demais normativa de aplicación; sen prexuízo, de ser o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

2. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas pautadas nesta ordenanza serán esixidas aos suxeitos responsables, non só polos actos propios, senón tamén polas daquelas persoas de quen deban responder e polo proceder dos animais dos que fose titular. Tamén poderán ser sancionadas por infraccións a esta ordenanza as entidades sen personalidade xurídica de seu.

3. Cando o cumprimento do establecido nesta ordenanza e demais normativa de aplicación corresponda a varias persoas conxuntamente ou non sexa posible individualizar a responsabilidade atribuíble a cada unha das persoas partícipes na comisión dunha infracción, estas responderán de forma solidaria do cumprimento das sancións e medidas de reposición impostas, de conformidade co disposto no artigo 28.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

4. A responsabilidade será solidaria, en todo caso, nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa produtora ou posuidora inicial ou xestora de residuos entregue residuos a unha persoa física ou xurídica distinta das sinaladas na normativa aplicable.

b) Cando sexan varios as persoas responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha delas na comisión da infracción.

5. Cando os danos causados ao medio se orixinen por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas e poda discernirse a súa cuantificación, o Concello poderá imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos.

6. A responsabilidade estenderase tamén, de forma solidaria, a todas as persoas propietarias, usufrutuarias ou titulares de dereitos reais do o predio ou parcela sobre a que se realicen o abandono, vertido ou eliminación incontrolada dos residuos de competencia municipal agás que se poida identificar ás persoas responsables da infracción.

7. As infraccións que traian causa de actividades suxeitas a algún réxime de autorización ou regulación municipal, poderán comportar ademais segundo a súa gravidade, a retirada temporal ou definitiva da correspondente concesión, autorización, título habilitante ou licenza concedida para o desenvolvemento da actividade de que se trate, sempre de forma proporcionada e en canto figurase esta previsión como condición na concesión da correspondente autorización ou estivese prevista na normativa de superior rango.

Artigo 66. Infraccións

1. Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan a presente ordenanza así como aquelas que estean tipificadas como de competencia municipal na lexislación estatal e galega vixente en materia de residuos que resulte de aplicación, sen prexuízo de que esta ordenanza contribúa á súa identificación máis precisa.

2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves, consonte ao establecido na lexislación estatal e galega de residuos e na de réxime local.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Artigo 67. Infraccións moi graves

1. Para os efectos desta ordenanza e sen prexuízo das infraccións tipificadas na lexislación de residuos en vigor, consideraranse infraccións moi graves:

a) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de residuos de competencia municipal en espazos protexidos, así coma fóra dos ditos espazos cando se puxera en perigo grave a saúde das persoas ou se producira un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

b) Calquera conduta ou actuación tipificada como infracción grave nesta ordenanza, cando por mor dela producírase:

- Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase consonte coa a normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nas infraccións tipificadas na Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá ou norma que no futuro a substitúa.
- O impedimento do uso do servizo de recollida ou de outro servizo público, por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo municipal ou de outro servizo público.
- Os actos de deterioro grave e relevante dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo municipal,
- Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

c) A reincidencia de infraccións graves.

2. En particular, tamén se tipificarán como moi graves:

a) Depositar nos contedores instalados na vía pública ou nos composteiros residuos perigosos que non teñan a consideración de residuos municipais.

b) Colocar carteis publicitarios, pintar graffitis ou actuacións similares en edificios de situados no conxunto histórico artístico ou en bens de interese cultural ou catalogados polo seu valor cultural ou histórico-artístico.

c) A realización dun acto público, sen a realización das correspondentes operacións de limpeza ou colleita de residuos que produza algunha das perturbacións, impedimentos ou deterioros referidos no punto 1.b) deste artigo.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

d) Para as persoas usuarias comerciais, utilizar de forma regular e continuada os servizos públicos municipais de xestión de residuos municipais sen estar autorizados concorrendo as circunstancias previstas no punto 1.b) deste artigo.

e) Non separar, de forma regular e continuada, os residuos comerciais e industriais en orixe e entregalos mesturados cos residuos domésticos cando concorran as circunstancias previstas no punto 1.b) deste artigo.

f) Contaminar as fraccións con residuos específicos sen recollida selectiva ou con residuos perigosos.

g) Abandonar calquera tipo de residuo perigoso na vía pública o nos espazos públicos ou nos regatos, montes ou outros espazos, causando problemas para a saúde o para o medio ambiente.

h) A obstrución, por acción ou omisión, da actividade de vixilancia, inspección e control do Concello ou do traballo do persoal inspector e axentes municipais, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas legalmente que ocasionen un impedimento, ou a grave e relevante obstrución, ao normal funcionamento do servizo municipal.

i) Atentar contra as papeleiras, os contedores, os composteiros ou calquera outro elemento de contención instalado nas vías e espazos públicos que constitúan actos de deterioro grave e relevante dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo municipal.

j) Atentar contra o resto do equipamento, maquinaria ou medios adscritos sistema de xestión de residuos de maneira que se dificulte ou impida a correcta prestación do servizo municipal.

k) A reiteración de infraccións graves.

Artigo 68. Infraccións graves

Para os efectos desta ordenanza e sen prexuízo das infraccións tipificadas na lexislación de residuos en vigor, consideraranse infraccións graves:

a) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de calquera tipo de residuos, que non supoña ou provoque un perigo grave ou dano á saúde das persoas, sen producir un dano ou deterioración grave para o medio e que non teña lugar en espazos protexidos.

b) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos de orixe doméstica, entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia diso non se puxera en perigo grave a saúde das persoas ou se producira un dano ou deterioro grave para o medio.

c) A incorrecta custodia e mantemento da documentación relativa a residuos, así como non entregar esta información ou documentación nos prazos e formas esixidas.

d) O incumprimento das obrigas de separación en orixe ou de entrega selectiva dos residuos comerciais non perigosos e domésticos producidos en industrias así como dos producidos nas entidades do sector público e en eventos públicos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: S098SB3TJ01H9FQ7



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

e) A ocultación ou a alteración intencionadas de datos ou da documentación relativa aos residuos de competencia local en calquera dos procesos e trámites derivados da aplicación desta ordenanza e as instrucións de desenvolvemento.

f) A ocultación ou a alteración intencionadas de datos aos que están obrigados a facilitar os produtores singulares de residuos de competencia local.

g) A obstrución, por acción ou omisión, da actividade de vixilancia, inspección e control do concello e particularmente dos inspectores municipais.

h) O incumprimento das obrigas de colaboración previstas legalmente e nesta ordenanza, incluído o incumprimento da obriga de proporcionar documentación e información, cando esta información sexa necesaria para determinar o grao de cumprimento desta ordenanza

i) Incumprir as obrigas de comunicación e rexistro de actividades de residuos reguladas nesta ordenanza

j) A realización dun acto público, sen a realización das correspondentes operacións de limpeza ou colleita de residuos agás que sexa constitutiva de infracción moi grave.

k) Entregar ou abandonar neste Concello os residuos municipais de outros municipios.

l) Non xustificar documentalmente a prestación do servizo de xestión de residuos de orixe diferente á doméstica pola súa conta, por parte das actividades xeradoras de residuos diferentes á doméstica e declarados produtores singulares.

m) Para as persoas usuarias comerciais, utilizar os servizos públicos municipais de xestión de residuos municipais sen estar autorizados.

n) Non separar, os residuos comerciais e industriais en orixe e entregalos mesturados cos residuos domésticos.

o) Entregar residuos de actividades non domésticas que estean expresamente excluídos do servizo municipal de xestión de residuos.

p) Utilizar contedores para residuos municipais de orixe doméstica, cando a actividade teña os seus propios contedores.

q) Abandonar os residuos fóra dos elementos de contenerización cando non se esgote a súa capacidade.

r) Danar as papeleiras, os contedores, os composteiros ou calquera outro elemento de contenerización instalado nas vías e espazos públicos, cando non constitúa infracción moi grave.

s) Manobrar un vehículo empurrando ou desprazando os elementos de contenerización instalados nas vías e espazos públicos.

t) Efectuar na vía pública as operacións propias das obras privadas ou non proceder á limpeza diaria a área de influencia na obra.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

k) A realización das actividades prohibidas polo artigo 49 da ordenanza que non sexa constitutivas de infracción grave ou moi grave.

l) A reiteración de faltas leves.

Artigo 69. Infraccións leves

Para os efectos desta ordenanza consideraranse infraccións leves:

a) O atraso na subministración da documentación e información reguladas nesta ordenanza no prazo establecido.

b) Depositar os residuos municipais non perigosos dos fogares nun contedor ou punto de entrega distinto do que lle corresponda.

c) Arrastrar as bolsas ou outros continentes dos residuos no seu traxecto até os elementos de contención.

d) A emisión de lixiviados que rematen no chan das rúas e espazos públicos no traxecto até os elementos de contención.

e) Deixar no espazo público as varreduras resultantes da limpeza de espazos privados.

f) Acumular en orixe residuos mesturados ou con separación inapropiada e, en xeral, entregar residuos municipais de orixe doméstico sen cumprir cos requisitos ou condicións establecidos por esta ordenanza e as instrucións de servizo que a desenvolvan.

g) Utilizar os contedores e puntos de entrega sen suficiente coidado e con perigo de danalos.

h) Estacionar un vehículo a menos de un metro dun elemento de contención instalado na vía ou espazo público sen telo tocado nin desprazado, cando estea debidamente sinalizado ou se advirta con pegadas ou carteleira nos contedores.

i) Coller obxectos ou residuos depositados nos contedores, puntos de entrega e composteiros situados na vía ou espazo público.

k) Deixar os residuos municipais de orixe doméstica fóra dos elementos de contención ou nos espazos públicos.

l) Incumprimento polo usuario das normas de uso do punto limpo sempre que non xeren situacións de risco.

m) Cambiar a situación dos elementos de contención situados na vía pública do seu lugar, sen golpealos nin danalos.

n) Cuspir e realizar necesidades fisiolóxicas na vía pública



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

o) Calquera infracción do establecido nesta ordenanza, nas estipulacións contidas nas autorizacións, na forma elixida de xestionar os residuos ou no contido das comunicacións, cando non estea tipificada como moi grave ou grave.

p) As infraccións das obrigas establecidas nos artigos 25 e 26 que non sexa constitutiva de infracción grave.

q) A comisión dalgunha das infraccións catalogadas como graves cando non afecten ao medio ambiente nin á saúde, e pola súa escasa entidade e contía dos efectos, non merezan a cualificación de graves.

Artigo 70. Sancións

As infraccións tipificadas nesta ordenanza darán lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

1. No caso de infraccións moi graves:

a) Multa entre 1.501 e 3.000 euros

b) Redución, no seu caso, das bonificacións fiscais das que goce na taxa ou prestación patrimonial de carácter público non tributaria por residuos municipais entre un 60% e o 100%, sempre que así se prevea na correspondente ordenanza fiscal ou acordo regulador.

c) A suspensión ou revogación de autorizacións municipais de calquera tipo, no caso de actividades suxeitas a algún réxime de autorización municipal, que persistan nunha infracción moi grave sen tomar medidas de continxencia e seguimento específicas para súa efectiva corrección e en canto estivera esta sanción como condicionante na concesión da correspondente autorización.

d) As infraccións moi graves que estean tipificadas tamén na lexislación vixente en materia de residuos, poderá levar levar aparelladas as sancións accesorias previstas nas leis tales coma inhabilitacións, clausuras temporais ou definitivas de instalacións, revogacións e suspensión de autorizacións ou comiso de mercadorias, con perda da licencia ou título habilitante de actividade dos centros onde se orixinaran as deficiencias se non adoptan medidas de continxencia, de maneira que se xustifiquen os procedementos que permitan a corrección das infraccións detectadas. Sen menoscabo do impulso da potestade sancionadora autonómica que corresponda.

e) Cando así estea previsto na lexislación que resulte de aplicación, poderanse substituír todas ou algunha das sancións económicas especificadas nas alíneas anteriores por traballos en beneficio da comunidade relacionados coa limpeza de espazos públicos, a asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña a finalidade de sensibilizar a infractor sobre cales son as normas de conduta no espazo urbano.

2. No caso de infraccións graves:

a) Multa desde 751 a 1.500 euros



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

b) Redución, no seu caso, das bonificacións fiscais das que goce no tributo ou prestación patrimonial de carácter público non tributaria por residuos municipais entre un 30% e o 59%, sempre que así se prevea na correspondente ordenanza fiscal ou acordo regulador.

3. As infraccións leves sancionaranse cunha multa desde 80 ata 750 euros

4. As persoas físicas ou xurídicas que fosen sancionadas por faltas graves ou moi graves derivadas do incumprimento da presente ordenanza non poderán obter novas subvencións nin novas bonificacións até cumprir a sanción e, no seu caso, executar as medidas correctoras pertinentes.

5. As persoas físicas que resulten sancionadas por faltas de carácter moi grave e formen parte do servizo ou servizos municipais para a xestión de residuos, poderán perder a súa capacitación ou habilitación profesional, para este servizo específico, de forma temporal ou definitiva, de demostrarse premeditación ou dolo nos seus actos. Todo isto sen menoscabo dos procedementos e garantías que sexan aplicábeis en base á normativa vixente.

6. As infraccións que deriven en sancións moi graves e graves esixirán por parte das persoas xurídicas responsables da adopción de medidas de continxencia e seguimento para corrixir de forma efectiva as causas dos incumprimentos.

Artigo 71. Gradación das sancións

1. O órgano que exerza a potestade sancionadora deberá gardar a debida adecuación entre a sanción e o feito constitutivo da infracción, considerándose especialmente a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta á saúde e seguridade das persoas e do medio ambiente ou bens protexidos por esta ordenanza, as circunstancias do responsable, o seu grao de intencionalidade, participación e beneficio obtido, a reincidencia, a continuidade ou resistencia na conduta infractora, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioro producidos.

2. En ningún caso a multa que se impuxese pola comisión dunha infracción tipificada na presente ordenanza resultará máis beneficiosa para quen cometeu a infracción que o cumprimento da disposición infrinxida.

3. Poderá terse en conta como circunstancia atenuante ou agravante a disposición de quen cometese a infracción para reparar os danos causados.

Artigo 72. Reincidencia

Aos efectos previstos nos artigos anteriores, entenderase reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, de carácter grave ou leve, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

Artigo 73. Prescrición das infraccións

1. As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos seguintes prazos:



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

a) As infraccións moi graves, aos cinco anos, agás nas tipificadas no artigo 67.1 b) desta ordenanza que prescribirán aos tres anos.

b) As infraccións graves, aos tres anos.

c) As infraccións leves, ao ano.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometeu, coas seguintes particularidades:

a) Cando se tratase de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización ou cesamento da acción ou omisión que constitúe a infracción.

b) Cando non fosen inmediatamente perceptibles os danos ao medio ambiente derivados das infraccións, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da súa manifestación ou coñecemento.

3. Interromperá a prescrición, a iniciación, con coñecemento da parte interesada, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á parte presuntamente responsable.

Artigo 74. Prescrición das sancións

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrela.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

CAPÍTULO III . PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

Artigo 75. Procedemento sancionador e sanción

1. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades segundo o previsto nesta ordenanza realizarase mediante a instrución do correspondente procedemento sancionador consonte co disposto no Título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As sancións estipuladas nesta ordenanza responden á responsabilidade e competencias municipais e non esgotan a imposición de sancións administrativas, fóra deste ámbito local, que correspondan a outros ámbitos normativos e competencias. Se os feitos denunciados por



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

infracción a esta ordenanza, puidesen ser tamén constitutivos dunha infracción tipificada na lexislación de residuos, darase conta dos mesmos ao órgano competente para a imposición da sanción prevista na lexislación vixente en materia de residuos.

3. Iniciado no procedemento sancionador poderanse adoptar as medidas provisionais previstas no ordenamento xurídico vixente.

Artigo 76. Órganos competentes

Aa potestade sancionadora no eido das competencias locais previstas no artigo 12.5 d) da Lei de residuos estatal e artigo 9 da Lei galega, compete á Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue segundo o regulado no artigo 127.1 l) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local.

Artigo 77. Execución alternativa de sancións económicas mediante traballos en beneficio da comunidade

As persoas físicas que resulten sancionadas a resultas da aplicación desta ordenanza poderán substituír a sanción monetaria por traballos en beneficio da comunidade, de forma voluntaria, e segundo resulte e se determine de forma proporcionada, no propio expediente sancionador, cando así estea previsto na lexislación que resulte de aplicación.

Disposición adicional.

1. Facúltase expresamente á Alcaldía ou concellería que actúe por delegación expresa nesta materia para interpretar, aclarar, desenvolver e executar as prescricións desta Ordenanza.

2. Facúltase asemade na Alcaldía, á publicación de bandos, resolución de ordes, circulares ou instrucións de servizo que, en cumprimento desta ordenanza, se precisen para a correcta xestión dos residuos municipais.

Disposición derogatoria

Consideraranse derogadas as disposicións do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan ó seu contido.

Disposición final primeira.

No non previsto nesta Ordenanza estarase ao disposto na normativa estatal e autonómica sobre a materia que se indica no art. 5 da presente ordenanza e demais normativa que afecte a esta materia, así como as normas que se promulguen con posterioridade e substitúan ás amentadas.



Luns, 30 de decembro de 2024

Núm. 252

Disposición final segunda.

Esta Ordenanza entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días desde a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: S098SB3TJO1H9FQ7

